

# teima

REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

*Conversa*  
**Tarde de pesca co equipo**  
**«Trasmallo»**

## PROSTITUCIÓN: **A muller,** **en venda**



**Lieiro (Lugo) e Moraña (Pontevedra)**

**Os labregos queren  
gana-lo monte**

**Cée: cacicadas a oito**

Viñaso



A terra  
é a vida



Autorizado por el B. de E. el 30-10-76



**CAIXA RURAL PROVINCIAL DE LUGO**



- 4** Cada semá.
- 8** Os eidos
- 10** Informe. A muller, en venda.
- 14** Sucede no país.
- 18** Conversa. Equipo Trasmallo.
- 21** Tribuna Política.
- 23** Pobos Ibéricos.
- 24** Resto do Mundo.
- 25** Vieiros.
- 26** A Xente.
- 28** Fiadeiro.
- 30** Cultura.
- 34** Cartas á Dirección.

# pola nosa banda

## A Romería



Agora, vaia, os mesmos presidentes das respectivas diputacións provinciais galegas decídense, vaia, a solicitar do mesmísimo Goberno Central de Madrid un réxime especial pra Galicia. ¡Quén o diría! Doutra banda, distintas personalidades da política vencellada —directa ou indirectamente— ó Segundo Goberno da Monarquía, solicitan, tamén, mesmo un réxime estatutario pró noso País. Son dúas solicitudes, dúas fermosas peticións e significativas mais só iso: peticións de gracia excepciónais e artelladas en guantes brancos de salón en salón. Unha pena cando a poboación, se algún día —realmente— a deixan que diga do seu, esboura silenciosamente por se facer cidadá da súa propia existencia: o cidadá esixe, sinxelamente; o súbdito, coma na Edade Media, solicita e prega accións de gracia. O réxime especial devandito ten, deste xeito, certo aire medieval.

Dende a mesmísima prehistoria, a poboación galega leva en si —nos seus propios miolos e na terra— o feito diferencial coma algo inexcusábel. ¿Quén o duda xa? E porque do silencio forzoso das catacumbas —nas que o pobo quedou confinado baixo do franquismo— renace unha vez máis, tímidamente, nacéndose en forzas aínda, a voz da poboación, agora os prohombres van e fanse un soio home pra falar todos á xunta: da gorxa saíulles, pouco máis, unha solicitude, un prego, unha sorte de oración cos millores modáis do capital. Non é dabondo. Os feitos falan, con claridade, do vello xogo do oportunismo: os mesmos nomes, as mesmas caras, os mesmos ollos, as mesmas orellas e mans falan agora polos mesmos beizos nos que falou a represión.

Tiveron que xurdir actitudes semellantes —con moita antelación— noutros países do Estado pra que saíra a flote, finalmente, o mimetismo dunha Galicia oficial que non se sostén, xa, nas mesmas ponlas. Agora, diante das eleccións, estamos a punto de contemplar feitos polo estilo namentres permanece, palmo a palmo, a estrutura do franquismo. A grande romería, os novos salvadores, está a piques de comenzar pateando con pés de xigantes no noso pobo silenciado.



**Edita** a Sociedade Galega de Publicacións, S.A.  
**Dirixe** Anxel Vence Lois  
**Na Redacción:** Luis Álvarez Pousa, Perfecto Conde Muruais, Víctor Fernández Freixanes, Xosé María G. Palmeiro, Antón López Mariño, Xavier Navaza Blanco Manuel Rivas Barrós.  
**Colaboran:** Guillermo Campos (Pontevedra), Xosé Platero e Alfonso Sánchez Izquierdo (Ourense), Xosé R. Vilamor (Ferrol) e Xulio Xiz (Lugo)  
**Redacción na Coruña:** Manuel Rivas, Xosel Vilela  
**Redacción en Vigo:** Víctor F. Freixanes  
**Prestan a súa asesoría:** Carlos Casares, Salvador García Bodaño, Xosé Manteiga (Cultura), Enrique Aller, Fernando M. Randulfe (Dereito Laboral), Ramón Barral, Xan L. Facal, X. M. Beiras, Xoán Rous, Xesús Vega (Economía), Valentín Arias, Xurxo Torres, X. M. Espino (Ensinio), Aldexandre P. Camacho, Xoan X. González, Xosé M. Cabanas (Ecoloxía), Francisco Carballo, Xosé M. Santalla, Alfonso Magariños, X. Chao Rego (Igrexa), Xosé Marpía, X. M. López Nogueira, Santiago Lamas, F. X. Yuste (Medicina), Equipo Trasmallo, Domingo Quiroga (Pesca), Mario Orxales, Xan Bouzada, Xosé P. Vilariño, Daniel Pino, Ricardo Palmás (Socioloxía), César Portela, X. L. Martínez, X. Bar Boo (Arquitectura-Urbanismo), Ceferino Díaz, Claudio L. Garrido, A. Pousa Antelo (Campo)

**Traballan connosco as axencias:** Europa Press (Madrid), Zardoya, (Barcelona), Keystone-Nemes (París) e Prensa Latina (Habana)  
**Envíannos información do Estado e do mundo:** Arturo Ruibal, (Madrid), Carlos Porto (Lisboa), Xavier Costa Clavell, Ramón Clemente (Cataluña), Gregorio Gálvez (Euzkadi), A. Ramos Espejo (Andalucía), Equipo Andalan (Aragón), Vicent Ventura (País Valenciá), Equipo Cort (Balears), Ramón Luis Chao (París), F. Pérez-Barreiro (Londres), Domingo Fernández (Buenos Aires), Emilia Vázquez (Santiago de Chile), Baldomero Cores (Puerto Rico), Fernando Pereira (Montevideo).  
**Fotografía:** Manuel Yáñez  
**Dibuxan:** Siro, López, Xaquín Marín, Xosé Loquis.  
**Cartografía:** Mario L. Rico  
**Confeciona e fai as portadas:** Xosé M<sup>a</sup> G. Vilasó  
**Supervisan o idioma con normas provisórias:** Rosario Alvarez Blanco e Francisco Fernández Rei  
**Xerente:** Carlos Vázquez  
**Xefe de Publicidade:** Xosé M. Rodríguez Iglesias

**TEIMA imprímese no prelo comercial** de «La Voz de Galicia, S.A.» Rúa de Concepción Arenal, 9 e 13, na Coruña  
**Os nosos distribuidores:**  
**A Coruña:** Distribuidora «Henche» (207020)  
**Lugo:** «Carvela» (215069)  
**Ourense:** «Eudosa Castro» (224349)  
**Pontevedra:** «Cao» (855374)  
**Vigo:** «Distribuidora Viguesa de Publicacións» (414570)/  
**Ferrol:** «Velo» (357707)  
**Santiago:** «Prensa Nacional» (583456)  
 (Cada unha das distribuidoras cubre a súa respectiva bisbarra ou área metropolitana de influencia)  
**Redacción Central:** Rúa do Hórreo, 94, Entrechán-D. Santiago de Compostela  
**Teléfonos:** 596741-593879 (Prefixo 981)  
**Apartado de Correos** n<sup>o</sup> 448  
**Depósito legal:** C-649-1976. Solicitaráse o control de O.J.D.





## Manifestacións aquí e acolá

Durante a Semana Santa, ademais das clásicas procesións, que por certo esmorecen, dúas manifestacións recorreron as rúas da Coruña. Unha delas foi cecáis a primeira das súas características no Estado español: uns cen cegos recorreron as principais rúas da cidade invitando ós coruñeses a solidarizarse coas súas reivindicacións: cese do delegado provincial da ONCE e elección democrática de representantes, non á discriminación económica, etc. Esta vez, a policía non apareceu e os transeuntes aplaudiron fortemente os manifestantes. Onde sí se presentou a policía foi na rúa Linares Rivas cando chegaban alí as seiscentas persoas que viñan dende a Estación de Autobuses solicitando «transporte popular» nunha manifestación convocada pola Asamblea Popular Galega (APG). Os manifestantes disolvéronse pro volveron a concentrarse diante do axuntamento repetindo as reivindicacións do que xa é un longo conflito na periferia coruñesa.

Importante manifestación pra Galicia foi a que tivo lugar o domingo en Xove-Viveiro. Sobor da «marcha anti-nuclear» TEIMA vai publicar no seu próximo número un amplo informe gráfico e literario.

## Carballo: facilidades prá alianza

Baixo o teito do axuntamento de Carballo, posto a disposición polo autodenominado «liberal» alcalde Bazarra, reuníronse os homes de Alianza Popular en Bergantiños. Alí, conta o noso corresponsal Waldo Blanco, estaban os alcaldes de Coristanco, Laxe (alcalde accidental), Malpica, Zas, Ponteceso, Cabana... coa participación tamén de secretarios locais do Movemento das devanditas localidades, ademais dalgún amigo «íntimo» de A.P. Non é a primeira vez que este partido utiliza prós seus fins o aparello administrativo, e este feito xa ten sido denunciado pola oposición. O líder máis relevante do acto foi o alcalde de Cabana, señor Tedín, tamén deputado da Coruña, que controla algunhas cofradías, hermandades de labregos, axunta-

mentos, etc. da provincia. Paradóxicamente, este home foi un dos que máis se opuso á celulosa de Ponteceso. Sinálase na bisbarra que o fixo non tanto por defende-los intereses dos mariñeiros senón polos propios como dono que é dunha fábrica de conglomerados. Como sempre, os cartos non fallan e xa están programadas varias «comilonas» polas vilas e pobos de Bergantiños.

### Esteiro, Noia

## Hai quen emporcalla o marisco

«Queremos saber —dixo a Guillermo Campos, de TEIMA, don Xerónimo Agrafuxo— quen ten a culpa de que eses viveiros estean alí: ¿a quén sobornaron pra que Madrid dera o informe favorábel?» Preguntas semellantes a esta véñenas facendo ahí tempo, sen que parezan atopar ouvidos que as escoiten, os mariñeiros das rías de Noia e Esteiro. Uns viveiros flotantes destras —sorte de grandes barcas— andan a emporcallar con paus, redes vellas e todo o abondoso lixo que cabe nas cordas mexiloneiras e ostreiras, o que deica agora constituíu un criadeiro natural de marisco, nas proximidades da illa da Creba. Deste xeito, as ostras, vieiras, ameixas, camaróns, zamburiñas, e tantas outras especies, corren serio peligro. O mesmo, máis ou menos, que os barcos noienses que obrigatoriamente deben saír ó mar pola pasantía da Creba: como os viveiros non están sinalados, nin siquiera cunha mínima luz, as precaucións teñen de ser extremadas ó límite. «O ser cada día menos os sitios que nos van deixando —engadío a Campos outro mariñeiro— temos que estar uns enriba doutros e así miramos como os aparellos teñen cada día máis cruces debido a que todos andamos ó mesmo, e somos moitos barcos pra tan pouco mar».

«Dende logo —conclúe desesperanzado o señor Agramuxo— moitos cartos deberon espallar entre os fantoches da cofradía pra que os viveiros estean no millor sitio da ría. O que pasa en Noia e Muros é peor có das Encrobas: nin un só mariñeiro se beneficia desta industria».

## Pontevedra: asunto de animáis

A feira do gando de Pontevedra esmorece.

Desta longa agonía, escribe Guillermo Campos, teñen a culpa, moi directamente, as últimas corporacións municipais que rexeron os destinos dunha cidade que xa non amosa máis forza cá da vella aquela nun corral do conto... A xente aínda lembra aquelas boas «paradas» gandeiras e mercaderías na agora chamada Praza de Barceiros, como recordo daqueles agarimosos moiros —inocentes coma os dos rapaces— entre as respectivas autoridades denantes que a revolución dos carabeles lles cravara unha espiña a úns e a outros. Levaron a feira por razóns hixiénicas —aínda que logo o servizo de limpeza tivo unha desculpa menos pra xustificar que as rúas seguisen, senón con bosta, sí con outros sucedáneos— pra un curruncho: o malecón do Lérez, que non foi moi ben acollido polos gandeiros e con razón: as vacas tamén teñen o seu corazónciño e enferman de vez en cando. O que era unha solución temporal leva camiño dos dez anos. Pasóu Borregón pola alcaldía, pasóu García Sánchez, pasóu Queizán Taboada: os terreos da Xunqueira do Bao aínda están a agardar. Hoxe a situación oficial do proxecto do mercado «rexional» de gando de Pontevedra está así: o presuposto é de 26.241.140 pesetas, pendente de subasta nos primeiros meses do 1977 que, no millor dos casos, xa será seguramente nos segundos. Se ó tema nono empuñan, a feira de Pontevedra acabará desaparecendo por falla de contido e con ela a cidade perderá a súa posibilidade de ser un centro gandeiro e labrego máis prá Terra. Que falla fan.

○ «x»

e ○ «s»

Nunha das últimas xuntanzas mantidas por intelectuais e lingüistas galegos, cara á definitiva normativización do noso idioma, decidiuse por acordo unánime o emprego do «x» en tódolos casos cando na norma culta represente un grupo «cs». Cando na sílaba seguinte figure un «o» co valor fonético que deica agora tivo en galego, mantense o «s». Por tanto, TEIMA —que adoptará tódolos acordos emanados destas xuntanzas— escribirá, a partires de agora, «sexualidade» e non «sesualidade»; «extensión» e non «estensión».

Sirva o clarexamento como guía pra lectores sorprendidos.



**Ribadavia****A dialéctica da labazada**

A forza bruta anda solta por Ribadavia e vaie do ramal dun industrial que se chama Xaime Paz Ameijeiras. Nen os héroes do mellor *far - west* xuntaban tantas fazañas en tan poucas horas. Escomezou o domingo 3 de abril ó redor da mediodía cando subía pola rúa central da vila, á altura do bar Evencio. Cruzouse con Braulio Soto Martínez, veciño supostamente relacionábel coa Liga Comunista Revolucionaria. Chamóuno e preguntoulle algo; acto seguido o émulo de malo do Oeste arremeteu a labazadas contra o interpelado sacando do peto unha caixa con balas e decíndolle ó mesmo tempo: «Isto é pra ti e prós teus compañeiros, me cago na nai que te pariu».

O rolo viña de días pasados, nos que tivo lugar a primeira folga que acontece en Ribadavia. Traballadores da rama da madeira, especialmente os empregados nas célebres fábricas de caixas de morto, plantexaron a golpe de folga importantes reivindicacións. Sabíase xa que os patróns andaban cabreados e supónse que tiñan falado entre eles de cómo remedia - la situación. Non se esquezna que Ribadavia ten de sempre unha considerábel industria funeraria que conta por exemplo, cunha fábrica (a dos Chaos) na que se ocupan 160 traballadores. Un destes pequenos industriais, veciño de Carballeda de Avia, era quen andaba máis doído polas consecuencias que podían derivarse do convenio. Paz Ameijeiras ten unha fábrica de embalaxes de madeira que suministra, sobre todo, á Cooperativa de Viños do Ribeiro.

Este home, segundo puido saber TEIMA, acostuma confundir - lo touciño coa mermelada e, pra el, tódolos gatos son pardos. Calquera que fale dos dereitos do traballador ou apoie as súas reivindicacións sóio pode ser unha cousa, comunista. O caso parece ser que chegou a ver roxos en tódalas esquinas e, segundo contou el mesmo ó periódico *La Región*, cando o sábado 2 recibiu na súa casa de Carballeda numerosas ameazas anónimas de morte que fan dirixidas á súa persoa, á muller e ós once fillos que ten. Di que isto empezou dende o intre en que foron pola súa fábrica uns rapaces a reparti - lo programa reivindicativo da madeira que elaborou o Sindicato Obreiro Galego (SOG). Un portavoz desta organización sindical de esquerdas indicou a TEIMA que resulta totalmente recusábel calquera acusación deste tipo sobre o SOG e informou que, efectivamente, tres dos seus membros foron pola fábrica de Paz Ameijeiras repartindo o devandito programa e que, de resultados de facelo, foron agredidos por varios homes armados con paus que saíron da casa encabezados por un fillo

do patrón. Seica desvalixaron incluso parte do coche no que viaxaban os sindicalistas apoderándose polo menos da cédula de identificación fiscal do vehículo.

Segundo o agresor (en Ribadavia chámalle agora «o pistoleiro»), na noite do sábado apareceu na vila unha pintada que poñía: «Jaime Paz, ten cuidado. Te la tenemos jugada». Tamén engade, segundo *La Región* (TEIMA non puido falar con él, non se puxo ó teléfono), que ten constancia de que un dos autores da pintada é un dirixente do Partido Comunista de Ribadavia (SIC) que parece se - lo Braulio Soto a quen atocou diante do Bar Evencio. «Chaméille a atención -dixo tan campante- e violentouse comigo e, como resposta, dinlle un golpe e rabuñéille a cara. Acto seguido, fun pra miña casa, a Carballeda, pra comer e continuaban as ameazas telefónicas».

O mesmo domingo pola tarde, Paz Ameijeiras baixou novamente á vila acompañado por varios membros da súa prolífica familia e por algún dos seus veciños. Entrou no Bar Moderno e alí atopouse co abogado Sanz Orriols, membro do Partido Comunista de Galicia e popularmente coñecido na bisbarra polo alcume do Chucho. Segundo versións que TEIMA confirmou en varias fontes, un fillo do Paz Ameijeiras insultou ó Chucho e, de súpeto, botouse derriba del a labazadas. O vello agarróuno polo pescozo e fixo acenos de afogalo no intre en que escomezaba unha verdadeira batalla campal na que participaron varios mebrros do clan Paz Ameijeiras. Guindaron ó abogado por riba das mesas mentres un tal Labora, tamén de Carballeda, arremeteu a cachetes con Braulio Soto Lorenzo, pai do rapaz que xa fora agredido pola mañá. De resultados, foron feridos o Chucho, Soto Lorenzo, Luis Escudero, e Alexandre Alvarez Valeiras, da Agrupación Cultural Abrente. Este último baixara da súa casa pra defender ó Chucho, de endeble constitución física e afectado por unha coxeira permanente.

A opinión pública local condenou inmediatamente os actos de agresión. «Aquí non hai outro comentario -respondéu a TEIMA un veciño da vila-. Isto son actitudes de quen quere que voltemos ó trintaeséis». «A xente así non debera andar pola rúa, é un perigo», contestou outro. «¿Quén permite que este energúmeno poida facer uso e ostentación das armas?», engadíu ún máis aínda. Comunicados conxuntos das forzas políticas condenaron rápidamente os feitos e un número escaso de persoas intentou manifestarse en Ribadavia como acto de protesta.

TEIMA quixo saber quen é realmente Paz

Ameijeiras e preguntou a un considerábel número de persoas en Ribadavia e en Ourense. «Xa o coñecemos de vello, sempre tivo sona de home violento que fai coma un touro, turra pra diante sen máis». «Cando pelexou con Soto díxolle que avisara ós seus que aprenderan a boxear». «Está sempre armado, ten dúas pistolas e un rifle do 22 e faise acompañar moitas veces de fortes esbirros». «El mesmo fai de gardaspaldas dalgún home público, como sucede no caso do Franqueira». «Ninguén o pode ver máis cá súa pandilla, o Pepe Casas (director da Caixa Rural na vila), o Milucho, o Risas e poucos máis». De frases coma estas apañamos unha boa colección.

Case tódalas fontes coinciden en ditualo durante toda a súa vida a carón de Euloxio Gómez Franqueira, a quen lle debe por exemplo o favor de axudarlle a saír do apreto no que estivo cunha industria da súa propiedade. Información recolleita en Santiago dá por seguro que foi unha das tres persoas que irrumpiron violentamente nun piso desta cidade pra sacar de alí, á forza, a unha sobriña que anda cun rapaz contra o parecer da familia. Xa naquel intre mostrou unha pistola e ameazou ó mozo da rapaza. Segundo outras fontes, viaxou algunha vez a Madrid acompañando ó «procurador do campo» e o seu nome andivo ás veces polo xurgado como consecuencia da dialéctica dos puños que non duda en utilizar. En Ribadavia cóntase que somentes o fillo dun tendeiro aprobou públicamente as súas fazañas do día 3 decindo que «debéralles pegar máis do que lles pegou».

Paz Ameijeiras ten ó redor de 50 anos, constitución física moi robusta e fasquía de arroutaído. «E o típico matón», definíuno outra persoa consultada por TEIMA. Pai de familia numerosa (once fillos), atribúenselle protagonismos non exentos de certa banalidade e agresivas inclinacións eróticas. (Quede isto recolleito con tódalas reservas pola parte desta revista). A súa filla, María Dolores Paz, unha das agresoras do café Moderno, é membro da comisión executiva do Partido Popular de Ourense (o de Franqueira). O noso personaxe de actualidade é actualmente presidente do Consello Regulador do Viño do Ribeiro e un dos principais fornecedores de embalaxes prá Cooperativa.

Como derradeiro dato, testigos presenciáis contaron a esta revista que unha das pelexas do domingo foi contemplada por un garda municipal da vila que non entrevistou pra nada. Os agredidos presentaron denuncias no xuzgado, no posto local da Guardia Civil e visitaron ó alcalde pra que xestionara diante do gobernador as oportunas dilixencias.



cada semá

# Baldaio: «As Encrobas» do mar

«Nota prá Comandancia de Corme. Pregamos non volvan mandar outra citación, pois non será atendida. Con este motivo presentámonos hoxe eiquí, acompañando ós xa citados e acusados de roubo de ameixas nas marismas de Lema (praia de Baldaio). Atentamente, a parroquia». Este era o lacónico texto que os veciños —labregos e mariscadores— da parroquia de Lema foron entregar venres en manifestación diante da Comandancia de Mariña de Corme. Ese día, como ven sendo norma dende que mans privadas se fixeron coa marisma, dous mozos tiveron que ir declarar: «acúsannos de roubar marisco nunha praia que sempre foi nosa». «Xa estamos cansos deles —decía a M. RIVAS de TEIMA un mariscador citado xa sete veces polos mesmos motivos— e anque sexa cos dentes os botamos». Dous días despois, o domingo, perto de quinientas persoas recorrían sete kilómetros en manifestación dende a igrexa parroquial até os areáis. Antes, Ramón Valcárcel, crego de Sésamo e detido na loita de As Encrobas, oficiara unha misa xunto co crego de Bunifáns. Falou un labrego do val de Barcia e foi presentado o proxecto de construción dun Sindicato Labrego Galego que está a ser espallado polas Comisións Labregas. O fronte da manifestación, unha pancarta co texto «Non ó roubo das praias. O areal é do pobo» e as siglas CC.LL. Unha vez máis, cartéis e sináis de propiedade privada e prohibicións de paso caíron no chan e os manifestantes esixiron a devolución dunha praia que sempre foi libre, do pobo.

## TENSION CONTINUA

Dende que en 1971 escomenzou a segunda etapa de extracción de area —con gran mecanización— por parte dunha empresa en que o home forte é Adolfo Ferreiro, un personaxe moi coñecido na bisbarra de Bergantiños por razóns que logo explicaremos, as ameazas, as citacións, as multas, o encañonamento ós veciños polos



TAMEN FOI O CURA



DIANTE DA AXUDANTIA DE CORME

gardiáns — mesmo os golpes — son pan de tódolos días. Centos de camións —no vran a media diaria era duns noventa— saían destas marismas e o problema xa non é só de apropiación dunha riqueza comunal senón da desfeita ecolóxica que se está a facer nunha zona onde abundaron as aves acuáticas e peixes de moi distintas especies. «Queremos saber que se fixo deses 115 millóns de pesetas que ganaron na extracción, queremos que sexan devoltas e empregadas prá beneficiencia». (TEIMA publicou no n.º 13 un amplo informe sobor deste problema).

Adolfo Ferreiro, o principal propietario da empresa, ten longa experiencia en negocios deste tipo: de explotación fácil e beneficios inmediatos. E o dono dunha mina en Razo — non moi lonxe de Lema — da que os escombros son un serio perigo prás casas do lugar. Cántase a anécdota de que cando chegaba algunha inspección á mina os capataces mandaban agacharse ós obreiros detrás dos toxos xa que moitos non estaban asegurados. E propietario tamén doutra explotación mineira en Silbán (Carballo) e outra en Viladabade (Ordes), onde se afirma que os medios utilizados pra facerse coas terras tiñan moito de trampa. «Así que chupa vaise», decían a este revista os de Baldaio.

De tódolos xeitos, protagonistas directos desta historia —Ferreiro déixase ver moi pouco por alí— son: Generoso González, que é o socio «que dá a cara», e ó que lle chaman «Kung-Fu», nome sumamente expresivo; o encargado e xefe dos seis gardiáns, Salinas, que é o que ten sido principal causante de moitos dos incidentes...

## O CASO DUNHA RAPAZA

Boa mostra da tensión á que están sometidos os veciños da parroquia é o caso de Concepción Caamaño, unha de tantas citadas por presunto marisqueo furtivo. «Citáronme dúas veces

—decía a TEIMA— pro non fun. Foron buscare á fábrica onde estaba traballando en Carballo dous gardas civís. Leváronme ó cuartel sen me decir nada e alí estiven unha hora. Non lle dixeron nada ós xefes da fábrica. Despois, tres gardas trouxéronme a Corme, á Axudantía, e alí tivéronme até que marchou o último coche de liña polo que tiven que coller un taxi. Aínda teño aquí un recibo de quinientas pesetas. Na Comandancia preguntábanme cousas que eu non entendía. Despois, citáronme outra vez pra ir a Calón e dixeron a miña nai que como non me presentara me ía acordar». Agora, pase o que pase, ningún veciño —dixérono ben claro en Corme— vai facer caso das citacións. Vanse entregar ó labor de conquistar que Baldaio —o seu marisco, a súa area— volte a ser de todos.





**Boqueixón (Coruña)****Udesa non ten presa**

Vai pra tres anos que veciños do axuntamento de Boqueixón, a 20 kilómetros de Santiago, puxéronlle unhas letriñas a «Udesa», empresa de suministro eléctrico. Decíanlle que xa era hora de mandar unha lus coma Deus quere e os homes precisan. Hoxe todo está coma no 74, menos as pulgas dos veciños que andan doentes.

«A cousa non é pra menos, dendo logo. E que, ás veces, pasámosche moitos días sen podermos afeitar porque a electricidade que nos chega nin siquera move a maquinilla. Motores dos pozos e planchas non hai santo que as faga andar. As bombillas aínda van tirando mentres non chega a noite: entón o prender en tódolas casas a lus, xa non hai nada que facer». Por ver de arregra-la cousa, os veciños mercaron bombillas de cen vatios e víuse que non daban máis lus ca se foran de 25. Hoxe, os rapaces fan as súas tarefas coa axuda de lámpadas de petróleo ou de gas butano.

«Case sempre, a voltaxe non entra a máis de 80 e se enchufas unha lavadora ou un frigorífico deixas toda a parroquia sen pisca de lus. Lavadora, menos mal que case ninguén a ten, pro frigorífico aínda che hai algúns e os seus amos téñenos que arrumar, com se xa estiveran cansos de traballar». Co televisor pasa outro tanto: «Como en cada parroquia hai varios, á hora de xantar empezan os problemas: a imaxe vai e ven, desfai; pola noite, a cousa xa non che ten arreglo: vese pouco máis ca puntifios de néboa».

Na carta que os veciños mandaran a UDESA pedían que renovara o tendido («ten xa máis de 20 anos e cando vai un pouco de vento, tira os postes coma se foran mimosas, producindo cortes que duran varios días») e que aumentara a potencia dos transformadores. Dalí a pouco, apareceu polas parroquias afectadas un técnico da empresa e aínda hoxe é o día no que os veciños agardan o resultado do seu estudio. Da posición da empresa sobre a renovación do tendido o único que saben é o que lles dixo un cobrador: o 75 % das obras terían que correr da man dos veciños.

Son máis de cen familias as que sofren esta situación e as súas casas espállanse por uns cinco kilómetros —parroquias de Vilar, Millán e Porcariza, no axuntamento de Touro; parroquias de Santalla, Maravixás, Santalla e Casaldesuso,

no de Boqueixón—. Hoxe están fartos de agardar e van pasar polo ministerio de Industria pra pediren que a reforma do tendido vaia adiante e, sobre todo, pra saberen se é de lei que o 75 % das obras teña que saír dos seus petos.

\* \* \*

No Forte, lugar moi pertiño do axuntamento de Boqueixón, había un teléfono que solucionaba algunhas das máis urxentes necesidades dos veciños das cinco parroquias dos arredores. A cousa xa nunca foi ben porque o dono do bar, funcionario municipal, só podía abrir polas tardes. Hoxe, o taberneiro e máila súa muller teñen traballo no grupo escolar e non abren máis ca polas noites. Así as cousas, os veciños —unhas 500 familias— vense obrigadas a facer entre cinco e sete kilómetros hastra chegar a Vilar, que é onde está o outro teléfono máis próximo.

Disque moito levan pedido que se poña outro teléfono no Forte, pro a Telefónica non ten traza de ter tanta presa coma os veciños. O caso é que entre un teléfono que non funciona e os camións de alta tonelaxe que van pra Riotinto-Patiño desfansen pistas e carreteras; os veciños ven que, cada día, o mundo exterior está máis lonxe.

**Campolameiro:  
outra de montes****150 piñeiros  
separan á  
Igrexa  
do Estado**

A corta de cento cincuenta piñeiros queimados pódelle costar ó cura de Campolameiro (Pontevedra) o embargo do seu coche ou o pago de 40.500 pesetas de multa. Sería o final dun contencioso que enfrenta dende hai máis dunha década á Igrexa, representada por Plácido Carril —párroco— e as autoridades forestais do Estado.

«Todo empezou aló polo ano sesenta e catro ou sesenta e cinco —di o padre Carril— cando o deslinde dos montes. Eu enteréime de que isto se ía facer por comunicacións particulares doutros veciños que foron citados». O que máis preocupou ó cura, dende o primeiro momento,

foi a existencia dunha ermida no monte afectada polo deslinde, que el estima propiedade da Igrexa. ICONA, pola súa banda, afirma que non existen documentos que acrediten esa pertencencia e que únicamente a propia capela —0,050 hectáreas no curuto do monte— constitúe bñ eclesiástico.

Non houbo maneira de chegar a un acordo verbal é, porén, ámbalas dúas partes procederon segundo os seus criterios: a forestal fixo o deslinde e púxolle os marcos ó monte; o crego, axudado por algúns veciños desfaría a obra pouco despóis. Era o vran do sesenta e seis. Axiña chegaron ameazas de denuncia por parte dos enxeñeiros; ameazas que non pasarían a maiores. ICONA limitouse a colocar de novo os marcos, deixando máis espacio esta vez. Crego e veciños responderon cambeándose de lugar. «Foi entón —dí o padre Carril— cando o enxeñeiro xefe decidiu denunciarme. Fun a xuicio, pro o xuez estimou que se ventilaba un asunto de propiedade, non un delito, e sobreseu o asunto».

En dez anos non se volvéu a falar do monte de San Antonio en Campolameiro. O pasado vran, nembargantes, un dos moitos incendios que consumiron as árbores de cáseque tódalas zonas de Galicia destruíu boa parte da fraga de piñeiros que rodeaba a ermida. Sorprendentemente, ICONA denunciou de novo ó padre Carril polo suposto delito que este cometera dez anos atrás, ó cambiar de sitio os marcos do monte. De nada valeron as protestas do párroco no sentido de que o xuicio que se lle incoara daquela levaba xa unha década sobreesido. Ademais de ameazar cunha nova denuncia, o enxeñeiro da zona anunciou ó párroco que ICONA ía proceder á corta da madeira xa queimada. O padre Carril consultou a Santiago, onde os seus superiores eclesiásticos decidían concederlle autorización pra defende-los seus dereitos no nome da Igrexa. Deste xeito, o párroco de Campolameiro decidiu adiantarse á acción do instituto forestal e cortar por sí mesmo a madeira, que el entendía da súa propiedade.

Agora, esa corta de árbores —150 en total, como se dixo ó principio— xunto co cámbio de marcos e o que ICONA define como «perxuicios» vállelle ó párroco unha multa de 40.500 pesetas contra a que xa presentou recurso de alzada. «Polo que poida suceder —dixo a TEIMA— xa puxen o coche a nome da miña irmá. Non quero que mo precinten, coma a outros compañeiros».

Á pesares de repetidos intentos, a redacción desta revista non puido contactar co enxeñeiro-xefe de ICONA en Pontevedra, pra coñece-la versión directa do organismo sobre o asunto.





## SESUALIDADE

### Os outros métodos contraceptivos

## Preservativo masculino

DR. CIPRIANO L. JIMENEZ

Os preservativos masculinos, tamén chamados «condóns», están feitos de tripa ou goma moi fina (este último é o material máis empregado na actualidade). Xeralmente están á venda nas boticas como preservativos das enfermidades venéreas, (sífilis, gonorrea, etc.). Moitos xovens e adultos, vense obrigados a mercalos por dificultades pra atopalos, ou vergoña, en sitios ou a persoas de maneira case clandestina. Moitos estudantes que pasaron por Santiago de Compostela, lembran un home, moi alto, vendedor ambulante, que ademais de vender toda unha serie de cousas coma mistos, mechas, pedras de mechero, etc. ó pasar á beira dún, polo baixo decía... ¡haí condóns! En Pontevedra, había un home, impedido, que se sentaba enfrente ó edificio de correos, e que era moi popular porque vendía condóns.

Os vigueses, e os que ían a Vigo de mercas, podían atopar os condóns no mercado da Pedra e a bo precio. Os mozos, case sempre estudantes, que saían cedo ó extranxeiro, entre moitas cousas que contaban e «faroles» que botaban, viñan sorprendidos e sorprendíannos con que os condóns pui-

deran adquirirse en máquinas automáticas, como se foran caramelos.

Eu conocín a un amigo, que lle mercou unha caixa de preservativos a unha muller, que vendía na entrada dun cabaret vigués, e por furárselle un deles, tivera que apandar cunha boda que non contaba, e máis co fillo. Este rapaz non volvéu a empregar nas súas relacións sexuais preservativos.

Na Enciclopedia do Erotismo que dirixe Camilo Xosé Cela, os que queiran ollar cousas curiosas e extrañas relacionadas cos condóns, poden miralo n.º 6, asombrándose da cantidade de curiosidades e anécdotas ecol dos preservativos.

O condón xa foi utilizado por gregos e romanos. Os primeiros empregábanno coma «método contraceptivo»; os segundos pra evita-las enfermidades venéreas, moi frecuentes naquela época e rebeldes ós tratamentos.

O porqué se chama condón ó preservativo masculino, e algo que aínda non está esclarecido, sendo o nome moi controvertido. Pra moitos autores, o nome derivaría da palabra latina «*cundus*», que quere decir reservo-

rio, receptáculo ou saqueta. Pra outros autores, tomaría o nome dalgún dos dous doutores Condon, ún inglés e o outro francés. O parecer Monsieur Condon, médico do Rei Carlos II da Francia, no século XVII, intentaba co tal aparato frena-la fecundidade desbordante do monarca. Outras versións, falan aínda dun capitán ou coronel, chamado Condón, que o popularizaría nas súas campañas coa finalidade exclusivamente antivenérea.

O condón utilízase antes do coito enrolándose cando o pene está en posición erecta (ergueita) ó arredor del. Unha vez colocado, entre a punta do pene e o condón compre que exista un espazo suficiente, onde quedará retido o seme exalado durante o orgasmo masculino. Pra tal fin moitos condóns, terminan nunha especie de fondo de saco ou bolsa.

Un bo condón, deberá estar sometido na súa fabricación a controlos moi estritos, p. ex. aire comprimido. Os preservativos de goma, poden estar lubrificados ou non e poden como deciamos antes ter na porción terminal un fondo de saco ou non (reservorio). Atopar condóns de tripa no noso medio é seguramente difícil, non em-

bargantes, o seu emprego, volta a ser importante noutros países, quizáis por snobismo.

O risco de embarazo pra un preservativo ou condón e dun 7 % aproximadamente. O seu emprego no Estado Español, según unha enquisa feita por Díez Nicolás, no ano 1973 acadou un 25 %. Pra outros autores coma Salustiano do Campo, tamén no mesmo ano 1973 foi dun 11 %.

Lóxicamente, un preservativo, será eficaz se é de boa calidade. Normalmente cando son bos, poñen no envase que foron sometidos á proba do aire comprimido. Salvando raras excepcións de mulleres que poidan ser aléxicas ó caucho (goma), a tolerancia dos preservativos e boa, considerándose un método totalmente inofensivo. Outra cousa importante é que neste caso, a utilización do preservativo non precisa, en xeral, asesoramento médico.

Os inconvenientes dos preservativos relaciónanse coa súa influencia no desexo sexual (libido) inhibíndoa principalmente. En relación á muller, fálase de provocarlle algún problema de fríxidez.

No próximo TEIMA, remataremos de analiza-los métodos contraceptivos que aínda nos faltan, tais coma: espermicidas, duchas, lactancia, métodos tradicionais, etc. etc. e o que día a lexislación española en relación ós contraceptivos, no Capítulo III correspondente ó «abortos».

## ECONOMIA

# A industrialización en Galicia (I)

Por XOAN X. SANTAMARIA CONDE

O falarmos da industrialización en Galicia compre, denantes de nada, non esquece-la diferenza existente entre o crecemento e o desenvolvemento económicos á que xa nos temos referido (TEIMA N.º 10). Tal distinción é moito máis necesaria nestes momentos nos que, pretendendo a confusión de ámbolos dous conceptos, quéreselles facer creer ós habitantes dos países subdesenvolvidos, que a superación do seu atraso está só na creación de industrias, segundo esquemas ben simplistas por certo como veremos.

A miúdo establecece unha correlación entre o feito da industrialización e o da elevación do nivel de vida. Pro tal correlación, presentada con carácter unilateral e exclusivo, é inexacta. A elevación do nivel de vida, en Galicia como en calquera outra parte, pasa polo aumento da produción e a súa millor distribución. E esta produción ten dúas canles distintas e com-

plementarias pra ser acadada: a de bens alimenticios e agrarios en xeral, por unha banda, e a dos industriais pola outra. Por elo, non só compre crear novas fontes de riqueza, senón tamén intensifica-lo rendemento das que xa existen.

¿Quén pode discutir e negar que o crecemento industrial español dos últimos anos se produciu a costa da absorción de recursos económicos e humanos procedentes do sector agrario? E todo elo fíxose ó mesmo tempo que o campo se vía marxinado. A industrialización entendida deste xeito non supón o desenvolvemento senón un simple crecemento económico e, concretamente, industrial. Se, en xeral, os países que disfrutan dun maior desenvolvemento económico son os máis industrializados, éo porque este determina a industrialización, pro non á inversa.

Non temos máis que ve-los proble-

mas xa crónicos do sector agrario español en xeral, e galego en particular, que brincaron ás primeiras páxinas dos xornais e revistas últimamente, pra decatármonos de que aconteceu na España dos anos 60 non foi un desenvolvemento senón simplemente unha industrialización. ¿E este é o modelo que se pretende agora pra Galicia? Pois, probes de nós se se vai repeti-la mesma historia. O desenvolvemento implica que o crecemento económico non só ten de ser indus-

trial senón tamén agrario. Monta-lo primeiro sen o segundo supón xa un plantexamento eivado dende o comezo e ó final moi costoso. A montaxe ideolóxica, o mesmo que a súa falacia desorientada, que está detrás dos plantexamentos industrialistas a ultranza non resiste, xa que logo, unha mínima análise crítica. Análise ben doada de facer e que os mesmos expropiados das Encrobas, por exemplo, expuxeron con meridiana claridade.



## A NOSA LINGUA

# Nin quenés nin cuios, nin calquer

CHARO ALVAREZ-FRANCISCO F. REI

Ningunha destas formas que calquera pode ver a cotío en textos escritos en galego, mesmo en bon galego, poden ser aceptadas, por constituíren un capítulo máis dos chamados castelanismos morfolóxicos, contra os que compre loitar con tódalas forzas posibles.

No galego falado o pronome *quen*, coma en castelán antigo e portugués, é invariábel. Non existen nin *quenés* nin *quens*, formas ámbalas dúas que non son máis cá adaptación ó galego do castelán *quienes*. Son tradución ó galego coa estrutura castelá frases coma *¿quienes viñeron a verte?*, *quenes te chamaron por ¿quén veu a verte?*, *quen te chamóu*.

Este pronome presenta ademais outra particularidade a termos en conta, se queremos falar e escribir como fai falla facelo; é o número do verbo. O pronome *quen* leva normalmente o verbo en singular (*¿quén salu? non chegué a ver quen rompéu os vidros*, anque saibamos con certeza que foi unha chea de xente), pro co verbo *ser* pode ir en singular ou en plural segundo a frase: *¿quén foron os millores?*, *¿quén son estes nenos? téncheme sen coidado quen sexa*. Ademais *quen* pode levar un antecedente en plural expreso e precedéndoo, e neste caso o verbo pode ir, como se dixeramos, concertando en plural con el: *foron estes homes quen fixeron posíbel a realidade que estamos a vivir*, mentres que non se podería decir *vai ti a saber quen fixeron isto* (non hai un antecedente plural expreso), senón *quen fixo*.

Polo que toca ós *cuios* hai que se decidir entre tres opcións distintas: aceptar unha estrutura sintáctica na que nos compre unha forma como *cuió*, galeguización evidente do castelán *cuyo*; recobra-la forma galega medieval, que no portugués de hoxe é *cujo*

e que daría en galego *cuxo*; acepta-la solución que nos proporciona a lingua actual, que prescindíu totalmente desta forma e da estrutura sintáctica que orixina, sen que se lle plantexara ningunha dificultade de expresión. Nós decidímonos pola terceira. Trátase de pensar en galego denantes de se pór a escribir en galego. No sitio deses castelanizantes *cuios* pode sempre ir un relativo con preposición.

E chegamos ó derradeiro dos mencionados. Está moi extendido desde hai algún tempo o uso de *calquer* no sitio de *calquera* diante de sustantivo. Isto parécenos un calco do castelán que ten unha forma pró pronome e outra pró adxetivo. Pro en galego ámbolos dous tén a mesma forma: *coma calquera outro día*, *calquera neno pode arranxalo*, *a min sábeme calquera cousa*, *váleme calquera ún*, *calquera pode facelo*. Sempre a mesma forma: *calquera*. Nalgúns puntos da raia de Portugal existe a forma *cualquer*, como en portugués, pro o normal en Galicia, excepto en puntos de evidente castelanización, o que se observa é a invariabilidade da forma; e mesmo neses puntos non é xeral.

Anque non con tanta frecuencia coma *calquer* tamén pode lerse ou ouvirse a forma *calqueira*. Fixándose na súa etimoloxía deberíase ser ese o resultado galego; pro non foi así, e hoxe só pode ser considerado hiperenxebriismo ou forma analóxica doutras rematadas en *eira*. O mesmo pasa con *carreteira*, *primaveira* e algunhas máis das que máis adiante falaremos.

Este tipo de detalles son os que constitúen a constante ameaza do galego. Compree a vixilancia e o labor de todos pra obtermos un galego común limpo de castelanismos e de invencións.

## POLITICA

XAVIER CASTRO analiza no artigo que segue os últimos feitos políticos acontecidos en Galicia e no Estado. Castro, home ligado á Asamblea Popular Galega (APG) espresa a súa opinión persoal.

## Aceleración política

X. CASTRO

Asistimos a unha semá de aceleración política. Os acontecementos desencadéanse con extraordinaria fluidez empezando a dibuxa-lo marco no que se van desenvolver as eleccións.

En Galicia apareceron os primeiros indicios de cristalización da tan desexada unidade da esquerda, aínda que non de toda ela. O recente comunicado de 6 grupos, entre os cais está o PPG, apoiando o «Chamamento dos 29» resulta esperanzador de cara á consecución do Pacto Federal, que, caso de acadarse, sería con toda probabilidade apoiado pola APG.

Coa posta en liberdade dos 4 militantes da UPG, calurosamente recibidos ó seu paso por varias cidades, desaparece, ou polo menos diminúe en Galicia, un dos factores que maior número de mobilizacións suscitou.

No País Vasco o PNV anda á percura do tempo perdido tentando de recupera-lo protagonismo que durante a República tivo e que coa dictadura franquista perdéu. Mostras patentes deste despertar son os funerais organizados en conmemoración do 17 cabodano da morte no exilio de José Antonio de Aguirre, primer «lendakari» do goberno vasco, e o regreso do exilio de Manuel de Irujo, prestixioso e experimentado dirixente do PNV que asistirá a un congreso que se prepara pra defini-la liña política do devandito grupo.

Por outra banda as declaracións da rama militar da ETA son indicativas de que un novo estilo está a se impor na práctica política. Nefeuto, os «milis» móstranse dispostos a abandona-la loita armada durante o período electoral sempre e cando se cumplan dúas condicións consideradas mínimas: amnistía total sen extrañamentos e as máis amplas liberdades. Hai pouco tempo unha declaración tal sería pouco menos que impensábel.

Polo que se refire a Catalunya abríuse esta semá un novo capítulo no enfrentamento entre os partidarios de que Catalunya negocie co goberno illadamente (tarradellistas) ou ben ó traveso da comisión negociadora (psuquistas e pujolistas). A Asmblea de Catalunya retiróu o seu apoio a comisión negociadora. Nembargantes Pujol, argumentando que das trece forzas que nun principio apoiaban á comisión negociadora aínda 10 non revocaron a súa postura, negóuse a dimitir entramentes non se elexira un sustituto. E veleiqú o seu probábel remprazo: Miguel Coll i Alentorn, presidente de Unión Democrática de Catalunya.

Xa dende hai tempo víñase fraguando unha manioira teledirixida dende a presidencia do goberno coa finalidade de corta-lo paso a Alianza Popular e ó tempo senta-los seus reais nun emprazamento que tería que ocupa-la dereita catalá de toda a vida (Lliga, etc). O hábil peón posto en xogo é o presidente da Diputación de Barcelona, Juan Antonio Samaranch, patrocinador de Concordia Catalana que aspira a aglutinar arredor de sí a homes que colaboraron no franquismo; así: Udina Martorell dirixente de Partí Catalá, que foi secretario de Obras Públicas con Silva Muñoz; Juan Dexeus e Carlos Sentís, líderes de Club Catalonia.

En Santa Cruz de Tenerife rexistráronse diversos disturbios ante a convocatoria de folga xeral lanzada por múltiples organizacións de esquerda, coa excepción do PSOE, PSP e PCE, como protesta polo acordo pesqueiro hispano-marroquí. Este acordo supón un paso máis na «marroquinización» de Canarias, que intenta fundamentalmente desvencellar ó archipiélago do Sahara do que se consideran parte integrante.

No que respecta a Valencia as tradiciónais fallas serviron de pretesto á dereita valencíá pra facer pública mostra do seu anticatalanismo. Entre os grupos políticos de esquerda considérase, inda que é este un tema polémico que admite moitas matizacións, que o País Valencíá forma parte dunha unidade nacional superior: Os Paissos Catalás.

Na política xeral do Estado destaca pola transcendencia que de seguro terá a maquiavélica actuación dos homes do presidente Suárez (principalmente Martín Villa e Osorio). Tras dun período de silencio que deu pé a todo tipo de conxecturas, tódolos indicios apuntan no sentido de que Suárez encabezaré un Centro Democrático ampliado cos socialistas marelos (Cantarero, Murillo, García López) e sometido a algún que outro reaxuste. Polo de pronto Areilza dimitiu e Pío Cabanillas pode correr parecida sorte.



OS CABARETS DE 1908 XA TIÑAN «STREP-TEASE»

Houbo un tempo sen violencias, no que os meniños xogaban cos seus soños e cos seus corpos, no que os vellos nin estorbaban nin tiñan que vivir de lembranzas, no que os impulsos naturais da xente estoupaban sen medo, no que as persoas eran ceibes, activas e críticas. Neste tempo tamén había fríos e xeadas, tamén doenzas estrañas levaban ós homes e ó gando, mais a xente non tiña medo da morte porque a felicidade gañábase cada día. Neste tempo maravilloso a terra era de todos, que non do señor cacique: non había propiedade privada. Os membros da comunidade bailaban en corro e non «cada ovela coa súa parella».

\* \* \*

Cando úns poucos se fixeron os amos de terras que non eran súas, pra poderen mante-lo pé enriba da

gorxa da comunidade, botaron man da forza: mentres o exercito ía ás fronteiras pra sinalar até onde chegaban os dominios dos señores, a policía termaba de que dentro desas terras non pasara nada. Mais xa se sabe que fame e miseria empuñan á rebeldía, levan tras de sí a incitación á revolta. Pra que a tortilla non cambie, o millor sistema é colle-los corazóns dos homes, sachalos e sementalos con semente de obediencia, respecto e medo. Así, a colleita será unha xeración tímida, chea de angustia, coas súas forzas vitáis paralizadas.

A familia é o sostén da sociedade, verdade grande e rotunda coma poucas. Na familia aprendemos que quen ten a forza ten a razón, adeprendemos a respetar ós pais pra, logo, sabermos respetar ós profesores, ós gobernantes amáis dos patróns. Se na familia as deci-



HAINAS, TAMEN, DE CARNE E OSO

## Prostitución

# A muller,

A.L. MARIÑO

sións se tomaran en comunidade, os alumnos non poderían aturar a uns profesores que fan e desfán sen dar explicacións; os obreiros non aceptarían traballar como máquinas cegas e os pobos non deixarían o seu futuro nas mans dos gobernantes. Na familia, a filla ve como a súa nai vive pra contenta-lo seu home e ve como ten que pandar coa agresividade do home cando as cousas non lle van a xeito. Na familia, o fillo ve como o seu pai é mandón, loitador e vai de esmorga cando lle peta, deixando á súa muller na casa. Se isto non fora así, de qué os homes se fan considerar tan sabidos e de qué as mulleres fan ser tan pouco activas, tan amiguiñas de buscaren o seu futuro no casorio (por suposto, endexamáis lle discutirán ningunha decisión a quen tanto lle debe. Cousa que é mentira: a muller traballa e sofre tanto coma o home, pro, educada pra ser esposa e nai, sería comesta pola soledade de quedar solteira, razón na que nace a sumisión ó seu marido).

### O PORQUE DA PROSTITUCION

A sociedade burguesa esixe da familia que tódolos seus membros rematen por crer que a división en-

tre homes que manden e homiños que obedezan é unha lei escrita no ceo, sobrehumana. Así as cousas, poderá pechar cunha ferocidade salvaxe e grandísima os impulsos naturais da muller: ó home —precisamente por darlle o papel de amo— non pode aplastarlle as enerxías vitáis e ofrecerálle o mundo da prostitución, mundo ó que fuxirá pra esquencer que a bota do patrón mide máis ca todo o seu corpo.

Nas sociedades socialistas actualís tamén a familia é a base que terma de todo o establecido: volve a servir pra espetar nas ilusións da xente que no mundo hai úns que tén que mandar e outros que tén que obedecer. Tamén, nos países socialista a prostitución é o pau que mantén dereita a familia e unidos os matrimonios.

«Reprime as prostitutas públicas e todo saltará pola borda». (San Agustín)

«A prostitución é un mal necesario, porque así as mulleres se libran dos ataques dos homes e non precisan ser infieis». (Santo Tomás).

«Se ás putas se as perseguira co rigor que algúns piden, ¿qué



«¡Péchanno-los hotéis, quítanno-lo noso apartamento e máilos nosos coches, detéñennos e, ás veces, aínda nos multan!. ¿Onde teremos que face-lo amor?. ¿Nas arbres?». (unha puta).

«O que nós queremos son millores condicións pra deitármonos con vosoutras». (un cliente)

«Teríamos que estarvos moi agradecidas polo traballo tan útil que facedes, pois que evita que as nosas fillas sexan violadas». (unha nai)

«Precísase sacrificar unha parte das nosas mulleres pra salva-la outra. A castidade, a millor das virtudes, necesita a axuda do peor dos vicios». (Nandeville, filósofo francés)

# en venda

**pechaduras abondarían pra agacha-lo honor das nosas mulleres». (Nandeville, filósofo francés).**

Con grande mágoa de corazón por non coincidirmos cos Santos Pais da Igrexa nin co tal filósofo francés, a prostitución non defende sobor de todo a virxindade das mulleres senon a fábrica das estrituras nas que nos movemos e das cousas nas que cremos. Do mesmo xeito que a propiedade privada mostra como os bens comunais pasaron a mans duns poucos, o matrimonio virá afoga-la regulación que a comunidade facía dos seus intereses sexuais. A formidábel represión que se bota enriba da enerxía sexual capa o impulso máis primitivo e creativo.

**«Canto máis fago o amor, máis ganas teño de face-la revolución; canto máis fago a revolución, máis ganas teño de face-lo amor» (nas paredes de París. Maio de 1968)**

Pra que a fame e máila miseria non leven ós obreiros a se erguer contra os patróns non hai cousa máis eficaz que meterlle ó servo paladas de medo vital ante a desaparición do dirixente. O líder comu-

nista Vladimir I. Lenin asombráse de como os soldados que na revolución de 1905 foran capaces, primeiro, a poñerense da parte dos labregos e máis de esnaquizaren a organización militar dos seus amos, logo dun tempo deron en ceiba-los xeneráis que tiñan presos e pedírenlles consello. A liberación non tiróu pra adiante porque os soldados tiñan os pés presos pola imaxe da autoridade que, cando nenos, recibiran na casa. A liberación tampouco foi posíbel por causa da pesadísima pedra coa que a moral preme a enerxía sexual: a inhibición sexual vai afogando a espontaneidade dos homes, a súa creatividade, rematando por facelos actuar, sentir e pensar contra si mesmos. A inhibición sexual é o maior responsábel da anguria e da ansiedade da xente, vé quen provoca a violencia das bandas nas rúas ou o sadismo brutal que mantén en pé a dous exércitos de soldados participantes nunha guerra na que nada lles vai nin lles ven. Se esta violencia non chega a estoupar de cheo é porque o medo a quedar sen pai provoca un medo moi fondo a quedar sin dirixentes. Pola súa parte, a familia non estoupa xa que a rebeldía das mulleres queda bloqueada ó seren educadas pra ser pasivas e porque os homes —educados pra seren

activos —van de putas pra demostrar canto valen (nos barrios, preséntanse como verdadeiros guerreiros, triunfadores pola forza; nas barras, como diplomáticos, triunfadores elegantes e xagaces, xa que a rapaza non ten obrigación de ir con ningún cliente).

O matrimonio é a cara feliz dun mundo que vende felicidade en botelliñas de Coca-Cola, en coches-sport; a prostitución é a parte oculta dun mundo que meteu a cadaquén nunha caixa de mistos, pra que a insolidaridade dos máis garante o dominio duns poucos. A relixión e máila moral condenan a prostitución; as leis, castígana, pro o amo de todo —o estado— tolérra e protéxea. A traveso medidas sanitarias garantiza a integridade física dos visitantes e a continuidade das oferentes; a policía ten como misión impedi-lo espectáculo da prostitución, mais non o feito. Esta contradición non pilla de sorpresa a ninguén, que é moito o que se ten xa falado da vida privada e tamén das festas organizadas por algúns representantes do orde e aínda de institucións benéficas pra descarriados.

**«En Londres clausurouse recentemente o V Congreso Internacional contra a trata de brancas. ¡Cantos banquetes solemnes e pomposas recepcións oficiais! Mais ¿qué métodos de loita preconizaron os distinguidos delegados burgueses do Congreso?. Principalmente dous: relixión e policía**

**Cando o delegado austríaco Hetner tentou plantea-la cuestión relativa ás causas sociais da prostitución —as privacións e máila miseria das familias obreiras, a explotación do traballo infantil, as insoportabeis condicións da vivenda—, o orador tivo que calar por mor dos berros hostís do auditorio.**

**En cámbeco, entre os grupos de deputados contábase que cando a emperatriz alemana visita unha casa de Maternidade, en Berlín, as nais de fillos naturais teñen que se poñer anelos ¡pra que non se impresione a augusta dama!». (Vladimir I. Lenin. 1913)**

## O PORQUE DAS PROSTITUTAS

A que vai de puta é por unha razón elemental: precisa cartos. A crencia de que as prostitutas son viciosas insaciabeis é unha pura

fantasía dos visitantes, que moi gustosos estarían de atopar unha rapaza así, que os liberase da súa enorme miseria sexual. A muller de desorbitada combatividade sexual non precisa «ir ó barrio» pra atopar homes, pode escoller do que queira e non do que haxa, é activa no acto sexual e vai con homes sen necesidade de que haxa cartos polo medio. A prostituta fai o seu traballo con cáseque absoluta frixidez: non emite respostas, senon ficcións de respostas; pode da-lo seu corpo enteiro e non dar un só bico; deitarse cun home é un traballo canso, aburrido e, ás veces, irritante, do que nunca falará ben.

As tres cuartas partes das prostitutas chegan a este mundo logo de ser rexeitadas pola sociedade por causa de teren un fillo ilexítimo ou por seren abandonadas polo seu home. Tamén as tres cuartas partes destas mulleres saben pouco máis que ler e escribir; máis ben conservadoras, ó sentiren o primeiro empuxón da sociedade foron incapaces a enfrentárense coa expulsión e van refuxiarse onde saben que ninguén lles pedirá explicacións dos seus feitos. Un oitenta por cento das prostitutas teñen unha moi cactiva preparación profesional: 65 % foron sirventas e un 15 % veñen do campo. Este dato leva moi pegadiño outro: ese mesmo oitenta por cento de mulleres procede de familias da máis baixa renda. Mentres homes e nenos traballan nos empregos máis duros, as mulleres vense obrigadas a usa-lo seu corpo como forza de traballo. Pasa case sempre que a familia sae adiante e a rapaza, afeita ós cartos, non sairá dese ambiente. Tendo conta do desamparo psicolóxico —expulsión do seu ambiente— e máilo desamparo económico —boda frustrada por abandono do mozo; necesidade urxente de cartos por quedar sen home ou por pura necesidade familiar, é loxico que a muller se meta nun *barrio*: os cartos chegan desde o primeiro día e non hai dedos que sinalen o pasado.

En principio, poderíase pensar que a forte presión moral que rodea o sexo e a tan ruín sona que ten o mundo da prostitución serían cousas máis ca suficientes pra que unha muller con tan cativas defensas se atrevera a entrar nel. O caso é que a razón pola que van parar no ambiente máis denigrado atópase precisamente no fracaso tan rotundo que sente hai entre a muller

ideal e a súa propia historia: unha decepción tan grande esixe agacharse no máis escuro dos lugares.

«Decláme que o fillo que levaba dentro podía ser del ou de calquera outro. Eu xa ben sabía que perder aquilo non podería dar de si cousa boa... pro outras casaron. Díxome que estar daquela forma dáballe moito gusto e penséi que era a única que o facía feliz. Cando todo o mundo me sinalaba, facendo bulras e aínda propoñéndome, vin que tiña que marchar. Fun a outra cidade...»

«O ambiente non é tan desagradábel. De sempre, as mulleres estamos afeitadas a que nos miren, que nos digan cousas; de sempre, andivemos pintadas pra atrae-los homes e tamén pra sacarlle-los cartos. Na aldea me non querían e na cidade non tiña oficio; o neno remataba de nacer e os cartos que me deran estaban a piques de se esgotar. Tiña que me decidir axiña e vin que ir de puta non era tan distinto ó que xa tiña feito: en vez de cazar un home tratábase de cazar moitos».

«¿Que se o chulo me pega? ¿E qué? Tamén lle pega o home á súa muller cando perde o seu equipo. Todo o mundo fala mal da puta e ninguén di nada do matrimonio, cando nós vivimos a costa del. O principio dábase un noxo terríbel todo isto e aínda hoxe ós homes atúroos de moi mala hostia. Pensaba en miña nai: case morrera co disgusto de me ver feita unha tirada, cando o do fillo. Agora cría que estaba nunha casa moi boa servindo e que por iso lles mandaba tantos regalos pra ela e pró neno. Quixera fuxir disto, pro fóra do barrio teño medo... non me sinto segura. Hoxe por hoxe, teño cartos e estou afeitada. Fóra, non vexo onde podería gaña-lo que aquí gaño».

**Bibliografía:** *Prostitución y Sociedad*, Juan José Cebrián Franco. Unilibro. 1.77  
*Sicología de masas del fascismo*, Wilhelm Reich. Ayuso  
*La emancipación de la mujer*. Diversos autores. Grijalbo.  
*Mulieres libres (1936-1939)*. Mary Nash. Tusquets.  
*La mujer y el socialismo*. August Bebel. Akal.  
*Je t'aime*. Michel Meignant. Avance.  
*La miel y la hiel*, José M. Garandell. Cuadernos Testimonio.

# A puta gaña, o chulo gasta

A prostituta é unha muller moi experta no seu. Non goza nin lle gusta o seu oficio, mais, por mante-lo negocio aberto, é capaz a facerlle crer a calquera home que é un auténtico experto; se se trata dun primeirizo, é atenta e precavida e hastra pode ser doce e tenra. En xeral, cóidanse moito e non é tan doado como se cre que transmitan doenzas venéreas: o rito de lava-lo pene do home crea unha certa familiaridade, pro tamén é o seu recurso pra inspecciona-lo órgano masculino, amáis de premelo por se saen gotas de pus.

Sempre cobra por adiantado, pro a cousa non é pra se fiar: na rúa, dera o precio mínimo; no cuarto, prometerá ser amábel a cámbio de máis cartos; e se a cousa non vai ben, poñerá reparos pra quitar toda a roupa. Co novo aumento na man, quedará despida de contadiño.

Das putas que traballan en Galicia, só un 35% é de orixen galego. No 75% dos casos, e como consecuencia de sentírense acusadas polos veciños, liscan da súa provincia. A súa trascurre case todo o tempo dentro do arrio e cando sae fora non conocerá os seus clientes máis asiduos, por aquilo do secreto profesional.

De mentalidade conservadora, acepta o seu desterro, primeiro, e súa marxinación, logo. Sumidas nunha moi grande soledade, bótanse na man do home que teña interese en defendelas: quitarálle os cartos, terá que facer cantar horas le pida e poráse doente cando descubra que outra muller anda tralo seu home.

Mentres os anos poden, gaña moitos cartos que, tamén, vanse deseguida. O fillo, metido nun internado ou coa aboa, recibirá moitos regalos e non haberá ca-

pricho que non lle cumpla. As máis das veces, anda cos cartos ó día. Cando chega a hora do retiro quedará no barrio: abrirá outro bar, collerá piso pra dar cuartos ou andará a pedir polas portas mentres vende tabaco, golosinas e condóns.

## O CHULO

O querido entra na vida da puta pola vía sentimental. Se a muller non tarda moito tempo en xuntar un bon fato de billetes, menos tarda o chulo en collelos e gástalos. Estes homes téñense por moi listiños, xa que nunca pegaron pau á auga e debe ser certo: entrampados e cheos de deudas, monxen na muller canto poden. As veces, teñen varias mulleres e sempre andan á caza das novas rapazas que chegan ó barrio. Aficionados á presunción, gústalles moito estrenaren roupa, non be-

ben cousa que non sexa whisky nin fuman tabaco que non sexa rubio americano e aínda irán a millores clubs a gasta-los cartos con outras mulleres.

Os sicólogos din que este rufián é, ás máis das veces, impotente e que por culpa da desconexión entre amor e deseo (amor sen deseo sexual consagrado a unha muller ideal —a súa nai— e deseo sexual sen amor adicado á querida) séntese un fracasado: esta é a razón pola que a súa relación coa muller é sempre de desprecio. Máis as cousas non estan tan claras: o rufián traballa como chulo por pura razón económica, xa que os cartiños chegan axiña, quentiños e abondosos. A historia da impotencia tamén ten moito de dudosa: a puta pasa todo o día deitándose con homes sen sentir cáseque ningunha excitación. O chulo ten que cubrir este campo e tera que baterse a fondo pra saír airoso.



YAÑEZ

MOITOS CASADOS E POUÇOS MOZOS



YAÑEZ

POR MENOS DE 500 NON SE ENTRA



Desde tempo inmemorial, nas partes máis vellas das cidades atópanse bares rechamantes, cheos de cores bermellos de violetas, gobernados por «mamis» —vellas putas retiradas—, emigrantes ou mariñeiros retornados ou por chulos. Os clientes, de bastante idade, non teñen pinta de andar moi sobrados de cartos; os mozos (ún por cada dous homes porriba dos 40 anos) andan máis en plan de ve-lo persoal e de gastaren bromas ca de utilizaren os servicios que alí se ofrecen.

Na Coruña, a rúa do *Orzán* tivo un comercio numeroso: silenciosa e tranquila, axiña se fixo a preferida da clase administrativa, e aínda dalgúns estudantes con cartos. A morte viralle da man do gobernador civil que, no 74, fixo un ataque a fondo desta zona; hoxe, daquel esplendor, non queda nin o forro. *Papagayo - Tabares* son as dúas rúas que forman, de sempre, «o barrio». Sendo dos máis típicos de Galicia, a construción do polígono de Zalaeta foino arrumbando, e de non ser polo peche do *Orzán*, hoxe apenas tería clientela. E un dos barrios máis bullangueros e tamén do máis marcado, polo que quen se precia un pouco non aparece por tal sitio. Na *Florida* é onde están as mulleres máis cotizadas da cidade, polo que é zona de dominio exclusivo de xente de cartos —profesionais medios— e na que ten pouco que rasca - la mocidade. Menos de mil pesetas, máis duascenas de cama, non hai trato que vaia pra adiante.

En Ferrol, existiu un barrio de moita sona —«Esteiro»— e que hoxe é só un solar cheo de escombros e presto pra construción de vivendas sociais. Tres eran as notas características de «Esteiro»: era o único barrio no que os mozos —obreiros dos estaleiros e militares— superaban ós homes; era o máis barato, habendo moi poucas mulleres que cobraran máis de 300 pesetas; era, tamén que máis chulos tiña e así non é de estrañar que moitísimas prostitutas dixeran que tiñan noivo no Ferrol. Coa piqueta desapareceu un barrio dos máis festivos e farreros, sen que, de momento, viñera ningún outro a substituílo. A razón parece estar no especial empeño que as autoridades da Mariña teñen no asunto.

Hoxendía, por menos de 500 pesetas máis as cen da cama non hai nada que facer. A cousa, desde que home e muller saen do bar e tornan, non vai máis aló dos 25 minutos. Cando se quere un favor especial, porriba dos trinta minutos e con dedicación exclusiva, non hai arregolo en menos de dúas mil pesetas e trescentas de cama. Unha muller atractiva tira unhas 150.000 pesetas mensuais, non sendo difícil prás de mediana clientela chegaren ás 75.000 pesetas; na decadencia, costa Deus e axuda acadar dez mil pesetas.

A partir das investigacións feitas por Juan J. Cebrián («Prostitución y Sociedad»), construíuse este informe.

## Ir de putas por Galicia

# Prostitución de barrio

En Lugo, «*A Tineira*» ten un pouco o ambiente alborotado do *Papagayo*, pro son os labregos quen lle dan o toque peculiar: carente de industria e único centro importante nuns cen kilómetros á redonda, os homes do campo aproveitaban o viaxe a Lugo pra dar unha volta polo barrio. As «mamis» que controlaban o negocio eran institucións moi respetadas na cidade, chegando a se codearen coas autoridades en público.

En Ourense, o barrio está por tras da Plaza Maior e xunto da igrexa da Trindade. As súas características son moi semellantes ás de Lugo, por ser tamén centro dunha moi ampla área agrícola, sen case industria. Os bares téñen un aspecto máis modesto có dos outros bares, anque hoxe empezan a verse locais de certo luxo.

En Santiago, «*O Pombal*» debéu ter moita importancia en tempos, como corresponde a un centro turístico. Hoxe, o seu futuro e ben negro por falla de clientela e de ambiente. Os estudantes non van ó «barrio» e a cidade, por respirar

unha moral non moi rixida, afloxou as súas visitas ó *Pombal*.

En Vigo, «*A Ferrería*» ten toda a forza que lle corresponde a unha cidade industrial e parte da que debería ter Pontevedra —cidade que non ten barrio—. No alto da parte máis vella, xúntanse moitísimos obreiros e uns cantos menos mariñeiros. Os sábados é día de grande animación, que non para hastra ben entrada a madrugada. Os precios son similares ós das outras cidades, cousa que confirma o carácter popular do barrio.

### DAS BARRAS OS TAPADILLOS


As *barras americanas* empezaron a xurdir hai dez anos pola parte de Vigo e hoxe levan camiño dunha franca expansión. O triángulo Pontevedra - Morrazo - Vigo rexistra o máis alto número destes locais; detrás van A Coruña e Ferrol, metres que en Santiago —por falla de ambiente— e en Lugo e Ourense —porque aínda os seus visitantes

no senten a necesidade da sofisticación— as «barras» non dan tirado parriba. Nestes locais, os clientes buscan falar cunha moza do seu gusto. A regra do xogo é esta: proposición directa será rexeitada con indignación, pois hai que saber «ligar», face-la conquista. O feito de que estas barras pechen os domingos ponnos na pista das características dos seus clientes: homes casados, de cartos, que teñen que mante-la aparencia social dun matrimonio unido. Con frecuencia, camarera e cliente rematan por saír xuntos, anque tamén hai sitios que teñen o seu reservado, lugar accesíbel previo pago dunhas tres mil pesetas por botella de champagne.

A camarera ten hoxe un soldo garantizado unhas 20.000 pesetas, coas porcentaxes das bebidas consegue outro tanto e chega facilmente a unhas 80.000 pesetas mensuais co que saca de se ir cos clientes. Por menos de 500 —copa propia e máila invitación da moza, que sempre é moito máis cara có que bebe o home— a ún non o atenden nestes lugares.

As salas nocturnas ou «cabarets» téñen un aire semellante ás barras, anque coa novidade de espectáculos «sexy», que teñen chegado, aínda nos etapas máis negras, ó «strip-tease». Aquí, é doado atopar pandas de matrinomios que saen a pasa-la noite de festa. As mulleres gañan moitos máis cartos ca nas barras, pro tamén traballan o dobre: actúan e teñen que alternar cos homes sós, engatusa-los e facerlle deixa-los cartos. Cabarets hainos por Ferrol, Pontevedra, A Coruña e Vigo, cidade na que teñen un prestixio, moi alto.

Por tódalas cidades galegas disque hai «tapadillos», pisos privados onde as mulleres —finas e distinguidas, que precisan cartos pra saír dun momento moi difícil— teñen sona de poñer toda a súa vontade en contenta-lo cliente. Os clientes téñen tamén a súa sona: trataríase de auténticos homes de lei, homes que ás dez da noite están xa na súa casa coma o máis cumpridor dos escolares.



## Lieiro e Moraña:

# Bule o chan labrego

Algo bule no mundo rural galego. De Castrelo de Miño pra acá, As Encrobas, os moitos contenciosos de montes veciñais, Xove, Cartelle, Suarna, etc. Os dous casos máis recentes de loita agraria estiveron nunha parroquia de Lugo (Lieiro, Cervo), por culpa dunha canteira que se quixo explotar no medio dun monte que os veciños din que é

deles, e no municipio pontevedrés de Moraña, onde levan os piñeiros contra a opinión dos do lugar.

**PERFECTO CONDE** viaxou a Lieiro e **MANOLO RIVAS** visitou ós labregos de Moraña pra rendiren logo as seguintes informacións.

### GAÑARON OS LABREGOS

Na tarde do 22 de marzo, os veciños da parroquia de Lieiro, Cervo (Lugo) saían dun enterro. Alguén lembró que, uns metros máis pra arriba, no monte do mesmo nome, andaban furando as excavadoras dunha empresa privada pra sacaren pedra da canteira alí existente. «Imos todos aló», dixo o párroco, crego de 66 anos, e chegaron á currota dispostos a defende-lo que consideran seu. Discutiron co encargado da canteira, puxéronse diante das máquinas e mulleres e homes falaron con decisión: «Este monte sempre foi noso e non nolo van quitar agora por unha cacicada do Axuntamento».



«IMOS ALO», DIXO O CURA

común que é, na nosa opinión, a calificación que lle corresponde. Proba disto é que, segundo lembran os máis vellos, este monte partíase en parcelas cada certo tempo pra que cada ún o puidera explotar». «Mu abó —conta unha muller— ten 88 anos e conta que se facía unha reunión pra sorteala utilización de cada parcela por un uso que duraba dous anos».

O Axuntamento de Cervo non mantén a mesma opinión senón que, dende 1959, ven defendendo a consideración de comunal pró monte Lieiro. Contra esta política recorreron os afectado ante o propio Axuntamento, ante o Xuzgado de Mondoñedo que pasou a reclamación ó de Viveiro, ante o Xuzgado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, ante o gobernador civil e ante o ministro da Gobernação. «Polo de agora —declarou a TEIMA un dos recurrentes— todo isto valéunos de pouco».

### XA NON HAI CONCESION

Cecáis por esto, decidiron face-la guerra pola súa conta e tomaron a canteira. «De aquí non nos botan



ALGUEN (DA EMPRESA) AGACHA A TESTA CANDO LLE BERRAN OS VECIÑOS



AS MAQUINAS FURARON O QUE AS MULLERES TAPARON

—dixeron no seu intre a un enviado especial de TEIMA— mentres non se nos dea garantías de que van parar de furar no que é noso». Nesta actitude estiveron até o remate do mes, é decir dez días. Sucedeu entón que os labregos gañaron por unha vez e unha nova decisión da Corporación Municipal, tomada agora por cinco votos a favor e tres en contra, anulou a anterior concesión considerando que se trataba, dun acordo lesivo prós veciños de Lieiro. Hai que apuntar tamén o feito de que, en defensa dos ocupantes do monte, pronunciáronse en todo

este tempó case tódolas organizacións políticas que traballan na zona e unha agrupación cultural («Sementeira») local.

### ¿QUEN TEN A CULPA?

No pleno municipal celebrado en Cervo o 31 de marzo, ó que asistiu un redactor desta revista, estivo a piques de chega-lo sangue ó río. O alcalde e médico local, Xaime Costas Rodríguez, home que se define como liberal e de orde, deixóu caír algunha acusación que puidera parecer grave contra a actuación do

### INTERESES PRIVADOS

O problema viña de meses atrás cando a Corporación Municipal de Cervo tomara por unanimidade a decisión de otorgarlle a concesión de explota-la canteira a Xosé María Crego Arroyo, funcionario do Banco Pastor na vila de Burela. Segundo puido saber TEIMA consultando a acta correspondente, tal concesión otorgóuse en precario contándose cun prazo inicial de cinco anos de explotación. No mes de Nadal de 1976 empezaron as primeiras obras e pasou pouco tempo sen que se orixinara o conflito. Pensaron sempre os veciños que aquilo era deles e que non era quen o Axuntamento pra facer unha concesión que, ademáis, recaía totalmente na actividade empresarial privada. «Dende sempre —informaron a esta revista—, estivo nas mans dos veciños. Agora mesmo estamos a agardar precisamente a sentenza dos tribunais sobre a condición de monte veciñal de man



secretario do Axuntamento. A primeira autoridade local, primeiro tenente de alcalde Xosé García García e o concellal Tomás Baltar opinaron no pleno, na presenza dalgúns veciños de Lieiro, que o secretario era responsábel do desaguisado da canteira por non ter informado no intre de acorda-la concesión privada de certos aspectos legáis da cuestión. Houbo mesmo un intre en que chegou a suscitarse unha indiscutíbel tensión. Falóu entón o secretario, sen deixar de poñer-las mans nos petos nen de mover un palillo entre os dentes, de que o acto podía ser tumultoso e fixo constar en acta que xa se clarexarían as acusacións que se lle imputaban. «Aquí está claro que reina o orde —dixo entón o alcalde— e o tumulto non se ve por ningures». A tranquilidade era absoluta, efectivamente, entre a xente que asistía.

Despóis de tiras e afloxas, o asunto rematou coa anulación do concedido a Crego Arroyo. Os veciños saíron contentos, abrazáronse á porta do Axuntamento e esa noite tardaron en chegar ás súas casas pois pararon polo camiño a celebrar a victoria. «Polo de agora, gañamo-lo que queríamos —dixeron o día seguinte a TEIMA—. A canteira é nosa e non iamos deixar que nola roubaran dese xeito. Xa nos fixeron abondo mal coas terras que colleron prá fábrica de alumina sen que víramos, até agora, unha cadela do que pagaron por elas. E mal tamén foi o que nos fixeron nos días que estivo andando a canteira, con barrenos que caíron perto das nosas casas, con cañerías que nos romperon e co perigo que significaba o feito de que, por derriba da obra, pasaran dúas liñas de alta tensión e unha de teléfonos». A casa de Rocabella estivo sen auga por culpa da canteira varios días e outras casas do lugar sufriron averías na condución seis ou sete veces.

O alcalde de Cervo recibíu a media noite do 31, na súa casa de Burela, ó redactor de TEIMA. Explicóu que os cartos procedentes das expropiacións da Alumina (15 millóns) están colocados nun banco a longo prazo agardando que se produza a sentenza do tribunal de Montes Veciñais. «Se de verdade esas terras eran tamén veciñais de man común como queren facer velos veciños de Lieiro, que non se

preocupen que terán a súa parte deses cartos e, se non, serán administrados polo Axuntamento pra facer obras de interés municipal». No fondo, o alcalde non estaba moi satisfeito de como se resolveron as cousas. No pleno de Cervo laíouse ademais de que alguén andivo a incoordinar pra movilizalos veciños contra a canteira e chegou mesmo a decir que lle estrañaba que «unha persoa de orde, xefe local do Movemento», fixera tais cousas «simplemente por unha ambición de poder». Pola súa conta, esta revista investigó *in situ* quen podía ser o aludido e chegou á conclusión de que se trata dun antigo membro da Corporación que vive en San Cibraio e que se chama Xosé López González. Por certo, algúns veciños de Lieiro defendérono e contaron que foi un dos que lles axudó no seu caso acompañándoos algunha vez a entrevistárense co gobernador.

#### DIMITIU O ALCALDE

De saídas de todo isto, o alcalde xa non quere seguir no cargo e presentóu a dimisión irrevocábel diante do gobernador civil. «A min todo isto —contóu a TEIMA— déixame nunha situación un tanto difícil. Dalgunha maneira, quedóu deteriorada a miña autoridade e, ademais, a min sóbrame que facer sen adicarme a política nestes intres tan difíceis da predemocracia que, como xa dixen no pleno, non é prenen é democracia. Quero atendela miña profesión de médico e deixarme de lerías». Isto díu o alcalde que ocupóu o cargo durante trece anos do franquismo (en Xermade) e ano e medio do postfranquismo (en Cervo).

Apúntese, como derradeiro dato, que na explotación da proxectada canteira estaban interesados, amáis do xa citado funcionario do Banco Pastor que o facía segundo parece a título individual, outras persoas ben relacionadas do municipio entre as que podían estar algúns dos concellais.

Unha persoa que coñece ben a problemática rural da comarca contálle a esta revista en Viveiro que «todo isto é un dos moitos problemas a que está a someterse hoxe ós labregos da bisbarra» e recordaría os casos de Xove e Foz, entre outros.

#### Moraña:

## O «misterio» dos incendios

O home sinala o camiño con desacougo. Grandes camións-grúas que non paran no seu ir e vir. Milleiros de piñeiros comunais son carretados diante dos que toda a vida foron os donos dos montes: os veciños. Pena Grande, Querguizo, Fontenla. Lugares da parroquia de San Martín de Laxe, no municipio de Moraña, en Pontevedra, que lle dan nome a outros tantos nomes de gran extensión que están a ficar valeiros despóis das talas indiscriminadas que se están a facer por venta de lona a particulares cando o monte está en trámites de devolución ós veciños, despóis de serlles quitado nos primeiros anos do franquismo.



M. RIVAS

#### PRA DIANTE

Os montes son de repoboación natural e da súa riqueza pode dar idea o feito de que dende o 1939 ó 65 cortáronse piñeiros por valor de 21 millóns de pesetas, aproximadamente. Antes, do 37 ó 39 fixérase unha grande tala de 3.000 piñeiros que foron vendidos sen subasta pública. «Os veciños xamais nos deron nada, xamais fixeron nada nesta parroquia...» A actual tala viría xustificada, segundo lona, porque hai que costear unha pista forestal que este organismo considera presupuestada en 600.000 pesetas. «Isto —declan a TEIMA os veciños de Fontenla— non é pista nin cousa que se lle pareza, senón un pequeno camiño que non puido costar máis aló das 50.000 pesetas». «Ademais —engadían— os piñeiros valen moitos millóns, ¿onde vai o resto do diñeiro?».



M. RIVAS

#### PIÑEIRO MARCADOS...

#### A INFLUENCIA DO CREGO

Dos tres lugares afectados, só resisten á tala, e están dispostos a impedila, os vinte veciños de Fontenla. Nun primeiro intre, cando escomenzaron a le-

vase os piñeiros, tanto os de Pena Grande coma os de Querguizo estaban de acordo en facer frente común. ¿Qué sucedeu pra que os de Pena Grande recuaran e pra que os de Querguizo teñan moitas dúbidas en xuntarse cos de Fontenla? A explicación —según tódolos indicios— parece estar no crego de San Martín, don Xesús López, un home de idade. El tería convencido ós veciños de Pena Grande de que deixaran, «por esta vez», que os camións levaran a madeira. «E unha mágoa que os de Pena Grande non loiten con nosco» laíáronse algúns labregos.

#### O «MISTERIO» DOS INCENDIOS

Pro, detrás desta venta, atópanse unha serie de claves indescifrabeis e que se veñen repetindo tamén dun xeito preocupante en todo o agro galego. O 16 de agosto, día da romaxe máis importante da parroquia, os montes en cuestión escomenzaron a arder polas catro esquinas. «Mentres nós —explicaban os veciños— apagabámo-lo lume por unha parte, alguén había por medio que prendía no outro». Comentóuse entón a «prudencia» dos incendiarios en agardar á romaxe maior da parroquia pra poder contar, en caso necesario e de inmediato, con gran número de persoas que evitarían así que nalgúns lugares chegase o lume ás casas favorecido pola total falla de limpeza nos montes. «Xuntámonos toda a parroquia —tamén veu o alcalde— e mostramos entón o noso malestar, malestar que foi medrando ó non facerse nada por descubrir ós autores destes delitos». «Sería interesante —comentaba outro veciño— seguírle o flo a quen se beneficia dos incendios pra poder identificar ós incendiarios, pro se seguen facendo borrón e conta nova, a nosa riqueza forestal está ameazada de morte».

O certo é que —queimados ou non— vai camiño de non quedar un piñeiro ergueito nestes montes. «Os de lona dixeron que a madeira non queimada noa cortarían, pro ó remate foron estas árbores de boa calidade as primeiras en ser taladas. Chamamos ó xefe provincial do organismo forestal, o señor García Borregón, pra que viñera ver en persoa a desfeita que se está a facer e el mesmo quedóu abraiado. Prometéuno-la súa axuda e dixo que aquilo non se esta a facer como estaba previsto, pro as cousas seguen igual».

As máquinas non se deteñen. Nembargantes, hai uns labregos que están dipostos a «non deixar chover polas tellas», que queren recupera-lo que é, sinxelamente, a súa terra.



«LEVANNOS OS PIÑEIRO»

Cée

# Concentrar a golpe de cacique

Xa é sabido que a concentración parcelaria non sempre é levada a gusto de todos. Tampouco é insólito que de súpeto se descubran casos nos que se leva a cabo a golpe de cacicada. Sorprende, nembargantes, o caso da parroquia de Pereiriña, no municipio de Cée (La Coruña).

Del e doutras historias daquela terra, escribe PERFECTO CONDE despóis de consultar fontes sobre do chan.

Namáis chegar á vila de Cée, pola carreteira que vai dende Noia pola costa, atópase ún coa chimeña da fábrica de Carburos botando o seu fume deriba das casas de Brens. A estatua do benefactor local Blanco de Lema abre metros máis pra diante as portas da poboación, centro neuráxico da comarca, que compite con Corcubión a atracción dunha zona labrega, mariñeira e preindustrial. O que non abre o busto do esgrevio emigrante falecido en Cuba son as portas do que está a pasar hoxe nesta terra baixa do Xallas. Porque, segundo poido averiguar un redactor de TEIMA, nunha rápida visita ás aldeas do municipio, algo cheira a podre pola banda de Lobelo.

## PEREIRIÑA TEN CACIQUE

Manuel Lagoa Castreje é un veciño de Pereiriña, parroquia situada a unha carreira de can da capital municipal, na beira esquerda da carreteira que vai á Coruña, que ten sona de ser o cacique da bisbarra. Uns cincuenta anos de idade, pai de dous fillos, propietario agrícola, constructor, antigo emigrante, gósanlle os cargos e os cartos. Preside a Irmandade Local de Labradores e Gandeiros, a Cooperativa de Pereiriña e un singularísimo organismo estatal de Montes Veciñais. E socio de Agrufor e está políticamente moi relacionado cos líderes do Partido Galego Independente Meilán Gil, Graño Amarelle e Corzo Diéguez. Cántase del que trouxo moitos cartos de Venezuela e que lles fixo medrar aquí coma espuma con negocios de construcións e outras actividades. Alguén respondeu a esta revista decindo que «chupa dos demáis» cando lle preguntou qué facía Castreje pra ter tanto poder económico. Un mestre da

bisbarra engadfu que «apenas sabe ler e escribir pro eso non lle impide mangonear como mangoneou sempre no Axuntamento e onde quixo». De información de arquivo tiróu TEIMA a conclusión de que foi un dos principáis movilizadores da manifestación fantasma que se celebróu na Coruña o ano pasado en favor da industrialización, un mes despóis de que tivera lugar a manifestación anticelulosa en Pontece-so.

E o lector preguntaráse xa a qué ven tanta información sobre este señor. Resulta que, polas informaciones que puido recoller esta revista na súa terra hai moita xente que coída que Castreje é o principal responsable de que un plan de concentración posto en marcha en Pereiriña cometa certos atropellos que puideran existir se se leva adiante. O Instituto de Reforma e Desenrolo Agrario (IRYDA) deixou dunha peza a varios veciños de Lobelo, Codesos, Duio, Cabado, Buxantes, Vilanova e Pereiriña cando deu a coñecer un plan de concentración da zona que foi rápidamente considerado discriminatorio e inxusto polos afectados.

## CONCENTRACION QUE ESPECULA

A sorpresa dalgúns veciños foi gorda cando viron que non se respetaban, pra eles, as principáis circunstancias que se enumeraban na memoria do proxecto de concentración da parroquia de San Xulián de Pereiriña. «Decatámonos deseguida —declaróu alguen a TEIMA— de que no anunciado proxecto non se miraba pra nada o lugar de residencia de cada propietario, nen a situación das antigas propiedades, nen o acceso ás novas fincas e camiños, nen a posible complacencia que puidera buscarse prás agrupacións solicitadas». Un veciño de Lo-

belo enxuciou o caso máis radicalmente: «Foi un atropello —dixo—, un atropello que lle debemos ós caciques. Sabemos que eles mesmos dixerón por ahí que conseguiran influencias pra barrer prás súas casas. Un deles chegou hasta a decir o que lle costóu unha comida nun restaurante da Coruña pra invitar a quen lle podía resolver o asunto. Dixo que pagara oito mil pesetas e que tivera que facer un viaxe importante a Madrid».

A cuestión é que quen tiña denantes unha leira a carón da carreteira da Coruña e ó pe da de Muxía, con varios metros de frente á vía, segundo o plan concentrador a súa leira voóu pra outro sitio sensiblemente peor situado e lonxe da súa casa. Nalgún caso, as novas fincas aparecen a máis de dous kilómetros da anterior situación. «Está claro que houbo un trato de preferencia prós socios da cooperativa que preside Castreje», esta foi a opinión recollida en Vilanova.

Pra demostrar o que dñ, varios veciños enseñaron ó redactor de TEIMA que visitóu a parroquia un plano da concentración no que se a preferente localización da nova pro-

piedade do cacique Castreje. Lindando ca carreteira de Muxía tiña denantes unha leira de pouco máis de 300 metros cadrados de labradío e uns 400 de prado que, por arte de maxia, convertíuselle nunha privilexiada parcela de máis de dúas hectáreas que linda agora cas dúas carreteiras, tomando xusto a esquina, e que é atravesada por un regato. «Así calquera —opinaron os que tiveron menos sorte—; este señor entrega unhas terras que non estaban ahí e recolle un terreo ben xunto no melloriño do lugar. Dñ que é prás vacas da cooperativa, pró eso non o cre ningún, porque as vacas non necesitan ter saída á carreteira. O que é, é pra especular e facer solares que multipliquen polo que sexa o seu valor en pouco tempo». Segundo os cálculos dos veciños, os beneficios privados desta concentración dos caciques superan os 50 millóns de pesetas e os principáis mellorados son Lagoa Castreje e Celerino Trilo Túñez, labrador de Lobelos que tamén se ten distinguido polas súas influencias caciquiles. «E a nos que nos parta un raio —protestaron diante de TEIMA os perxudicados—, agora temos que andar a chorarlle ó IRYDA que atenda as reclamacións que lle fixemos e que non sabemos aínda se van terse en conta no segundo proxecto que están elaborando agora. Non hai dereito a esto, pra vestir a un santo ispen a varios, deixándoos co cu ó aire».

Un rapaz que pensa botar pouco tempo na aldea dos seus pais falóu doído do que pasa: «Son cacicadas dos especuladores e traficantes que non lles importa nada máis ca



ALGUEN DI QUE CON REFORZA-LA LIÑA BASTARIA



# adas

salvar e facer medrar o que teñen. O que buscan é especular co chan e poder poñer a venda no seu día bos solares ou construír casas que logo venderán o máis caras posíbel a quen lle fagan falta. Isto do campo é sempre a mesma lería, sobra quen chupe e non hai ninguén que bote unha man. Agora veñen algúns políticos a decirnos que van facer montes e moreas, pro xa se ve, o que fan e tirar pró seo todo o que poidan. Isto ten moito que cambiar e, se non, a vida dos labregos vai ter mal fin».

Algúns dos consultados gardan aínda esperanzas. «Fixemos —dixen— varios recursos ó inxenheiro xefe da concentración e ó delegado do IRYDA na provincia. Tamén os visitamos algunha vez pra contar-lles as nosas coitas. Se non nos fan caso, non obran en xusticia. Agora estamos a agardar que nos digan cómo queda a cousa no segundo proxecto».

## POSTES DA LUZ A ESGALLA

Pró non é somentes o problema da concentración o que afecta agora mesmo á parroquia de Pereiriña. «Xa que está vostede aquí —dixéronlle ó redactor de TEIMA—, ímoslle contar máis cousas que nos pasan. Pra empezar, o asunto ese das liñas eléctricas que non hai diante que entenda o que pasa con elas. Mire, mentras nosoutros non temos potencia abonda, e eso pódoo mirar a calquera hora entrando nunha casa e pedindo que lle prendan as bombillas, as nosas terras están hoxe cruzadas por dúas liñas de alta tensión e, por se fora pouco, están a facer outra máis. Diaño, ese non é xeito de face-las cousas; se queren transportar máis electricidade que reforcen as liñas existentes e que non nos causen máis prexuícios nas nosas terras».

Efectivamente, a falta de tensión nas casas labregas da bisbarra é manifesta. As cinco da tarde dun día de labor, nunha casa de Vilanova ou de Lobelo, por exemplo, non funcionaría o día 28 de marzo nin siquiera unha mala máquina de rasurar e o berme da luz chegaba ás bombillas dibuxando unha sinxela raíña marela. «Temos muiños eléctricos —falaron os de Lobelo e Vilanova— e non podemos servirnos deles a maior parte das veces. Hai



PAUS DA LUZ A EITO

días nos que nen a televisión podemos mirar, proque non hai corrente pra que funcione como é debido». Denunciaron o seu caso ás autoridades de Industria, que dictou hai meses un decreto obrigando a Electra del Jallas, S.A., a empresa suministradora, que correxira a situación. «Como se chovera —informan agora os afectados—. Nen caso fixeron e seguimos como estábamos». Como protesta, hai un movemento xeralizado de negarse a paga-las tarifas que se pasen ó cbro.

O proxectado tendido dunha nova liña que xa ten os paus levantados até Lobelos é unha vella historia. «Pra nos —contóuse a TEIMA—, aquí hai intereses privados de Carburos e de Electra del Jallas. Unha das liñas vellas foi vendida hai uns trece anos á fábrica despois de que fora construída con subvención estatal por tratarse dun conducto de electricidade pró público. Agora é por onde lle chega a corrente a Carburos. A outra conduce a enerxía dende a central do Ezaro en dirección a Camariñas, e claro, failles falla unha liña máis pra suministrar a luz ás casas da bisbarra. Pois ben, non se lles ocorre mellor cousa que facer outro trazado polo medio das dúas liñas vellas e estragarnos as leiras. ¿E logo, non podían reforzar unha liña vella que servira pra todo? Ademais como non teñen vergoña, veñen e dinnos que nos van indemnizar a sete pesetas ó metro lineal de liña tendida como se, ó pasar os cables, non estragaran máis ca dimensión da longura».

O caso máis curioso é que, da combinación da concentración coa expropiación de terras pra pasar a liña nova, resulta un importante tranqanillo de beneficiados e perxudicados. «A un señor que ten unha leira por onde van pasa-los postes —informaron os de Lobelo—, espropianlle agora os terreos e pá-

ganlle o que corresponda. Pois ben, chega logo a concentración e manda ese propietario pra outro lugar e trae pra debaixo dos aramos a un novo que ten que apeitugar cos estragos e sen cobrar unha cadela. Por se todo fora inxusto e perxudicial pola súa propia banda, cando se xuntan os dous atropellos, xurde o desastre. Por se tivéramos pouco que rascar, véñennos a vez os pollos e as pulgas».

Coma case sempre, a falta de axuda é absoluta pra esta xente. «Co Axuntamento xa nen contamos pois xa sabemos que quen manda ahí pra estas cousas e Castreje. Os demais aínda non deron a cara dende que pedimos que se repensara a concentración. A colocación dos postes tivemos que para-la nos mesmos indo ás nosas leiras pra que non seguisen facendo furados e chantando paus. Xa se sabe, ó probe endexamáis se lle abre unha soia goteira».

## CEE POLITIZASE

Neste intre pode haber outros desaguisados municipais que é aínda cedo pra falar deles. Hai quen di que a subestación eléctrica de Brens non debéu ser instalada onde está, senón algo máis arriba pra evitar a concentración da po-

boación orredor dela e pra salvar as terras de labor que ocupóu. Algúns labradores preguntáanse qué pasóu co millo e con outros cereáis subvencionados polo Estado pra contrarresta-la sequía do vran pasado. Dase algún caso de campeñiños que foron pedi-lo e non lles foi concedido por non ter determinados papéis en regla. Claro, así xurden os malpensados que dirixen os ollos a determinadas granxas gandeiras que pertencen ou están baixo a área de influencia dos caciques agrarios. «Cée é unha vila tranquila, non pasa nada —confesóu a TEIMA un vilego—. Nembargantes, o día en que saian a frote algunhas cousas, non ha faltar quen se lle poña a cara colorada nen que se mate de risa ó saber as cousas que aquí teñen pasado».

Xa hai anos, polos sesenta e tantos, Cée estivo a punto de converterse nun espacio importante de conflitos sociais. Entón era a fábrica contra o que turraba a xente, había quen pensaba que o seu funcionamento era altamente contaminante e chegaronse mesmo a elaborar *dossier* nos que se falaba dun elevado grado de mortalidade entre os traballadores da mina e da factoría. Agora é o día aínda en que non está probado co nivel contaminante sexa inofensivo e, de certo, a empresa ten encargada a técnicos de Madrid a aplicación de medidas correctoras.

Fora e dentro desto, a política tamén chega a esta zona. Alguén pensa xa que se trata de convertirla nun feudo do PGI, partido que contaría con homes de influencia coma Castreje, o cacique de Pereiriña, e coma Pais Romero, alcalde de Corcubión. Lojo Fandiño, noutrora verticalista, é agora tamén dese partido de Meilán Gil e home que sempre se preocupóu de afondar raíñas na vila de Cée. TEIMA lémbra del encabezando a manifestación do vran pasado cando se pediu un ambulatorio que atenda as necesidades da comarca.



CACIQUE CON SORTE: TODO FRENTE A CARRETEIRA

«Na Universidade sempre houbo investigación, unhas veces con máis axuda e outras con menos —comenta Pardellas— mais os anxeos de percura de cousas novas e de solucións ós problemas que presenta a vida cotiá, sempre latexaron nalgunha xente a piques de remata-los seus estudos teóricos».

Os de TRASMALLO falan con claridade, sinxelamente, do seu equipo. Xente nova cunha indubidábel conciencia galega.

A idea TRASMALLO viña de vello: xurdira, xa, no Departamento de Estrutura Económica da Universidade de Galicia no curso 1972-73, pro non ía ser até o vran de 1975 cando, ó cabo, queda completamente configurada e definida a organización e obxetivos do equipo:

# Trasmallo, equipo de pesca por unha investigación popular

XAVIER NAVAZA



«CADA CATEDRÁTICO E UN FEUDO INTOCABEL»

«O elemento clave era que, deantes, viviamos dentro dun réxime fascista, o que significaba manter á xente canto máis inculta millor. Unha investigación social era sempre mal vista porque, se cadra, podía pór ó descuberto «cousas raras». A Universidade, segundo deles, estaba pra facer ciencia pura, é decir, ciencia aséptica, apolítica...».

«Hoxe, por fortuna —din os de Trasmallo—, xa pouca xente se atreve a afirmar que existe investigación pura. Esa trola foi adoito usada polo franquismo pro, por riba deles, está claro que a ciencia e máila investigación ou están en función dos intereses do pobo traballador, é decir, da sociedade toda, ou pasan a ser claramente un instrumento pra facilita-la explotación duns polos outros dentro do capitalismo».

## ¿CAMBEOS COA «DEMOCRACIA»?

Logo dun traballo de investigación conxunta na Illa de Ons, levado adiante por licenciados en Económicas e alumnos de quinto de Biolóxicas, o proxecto convírtese en realidade e nace en Galicia o equipo Trasmallo. Comezará a súa vida activa cunha serie de artigos

sobre da Illa de Ons nos que recollerán as súas experiencias, a súa denuncia e máilas alternativas propostas polos propios habitantes da Illa, en completo abandono.

¿Cambearon as cousas con isto da «democracia»?

«Non penso que as cousas mudaran esencialmente neste ano e pico que vai dende a morte de Franco. Os homes que rexen a Universidade —salientan— seguen a se-los mesmos e a súa ideoloxía está amosada nidia e claramente polos feitos recentes: o despido dos compañeiros dos Colexios Universitarios, a postura autoritaria fronte á situación dos penenes, etcétera».

Nese marco de inutilidade pró País Galego nacéu a idea de Trasmallo:

«Algúns de nós —engade o equipo— levabamos xa varios anos traballando no estudio dos problemas da pesca e recibíramos, daquela, unha grande axuda do Departamento de Estrutura Económica. Isto foi importante porque, comprenderás, á altura de cuarto de carreira —por moito interés que teñas nun tema— se non tes algunha orientación acabas por deixalo. Foi, precisamente, o propio xefe do Departamento, o profesor

Beiras, quen nos animóu non sómentes a seguir traballando senón tamén a amplia-lo equipo con xente doutras Facultades. Nós non nos atrevíamos nen a pénsalo».

¿Por qué? ¿Tan problemático é o traballo interdisciplinar na Universidade?

«Este foi e segue a ser un dos nosos meirandes problemas. Dentro da mesma carreira xa non hai, moitas das veces, relación nin coordinación entre as distintas disciplinas. Cada profesor, cada catedrático éche un feudo intocábel —teima Trasmallo— e non lle fales de traballar artelladamente con ningún outro por relacionadas que estean, na práctica, as súas disciplinas».

«Todo iso, quen o sofre é o alumno e, de resultas, a sociedade galega; porque as eivas que levan os técnicos e licenciados cairán máis, logo, sobre das comunidades sociáis nas que traballen».

Nembargantes, vosoutros eiquí estades coma equipo interdisciplinar. Logo, non será tanto problema.

«Polo que se refire a nós, fixemos varias tentativas de colaboración con xente doutras Facultades e sempre tivemos moitos problemas. Todo foron atrancos de coor-

dinación: claro, non temos máis remedio que adeprender por nós mesmos —na práctica— a traballar en equipo. Traballar así, en equipo, é a nosa teima fundamental, porque coidamos que o traballo individual (as teses doctoráis, por exemplo) é un absurdo na nosa época».

O Trasmallo, agora mesmo, está integrado por varios licenciados en Económicas e Biolóxicas xunto de estudantes de Medicina, Xeografía e Filoloxía:

«A nosa teima —insisten— é prestar á sociedade galega, no noso eido de coñecementos (a actividade pesqueira e as relacionadas con ela), uns traballos de investigación, de estudio e de percura da interpretación e, tamén, na medida do posíbel, solucións concretas ós seus problemas».

¿En qué condicións vos atopades respecto da esfera oficial da Universidade?

«A nosa relación coa Universidade éche moi cativa e, apenas, redúcese ó Departamento de Estrutura Económica, como dixemos, desde o que se coordinan os estudos polas facilidades que temos nel. Dispoñemos, tamén, de axuda técnica do Departamento de Biolóxicas, onde traballan varios dos biólogos do equipo».





«Claro que os recursos cos que conta Trasmallo —suliñan— sonche os propios petos dos seus membros, tanto pró material coma prós viaxes se hai que os facer. Ce-cáis sone, así, a altruismo, mais nós partimos da idea de que o País non se fai en dous días e os problemas dos traballadores non agardan; polo tanto, tododiós ten de arrimalo homebreiro na medida das súas posibilidades».

¿Cómo comunicáde-los resultados das investigacións?

«Nós queremos que o noso labor chegue, o máis directamente posible, ós traballadores. Hoxe por hoxe, os medios de comunicación cos que temos máis facilidades son os xornáis e, mesmo, as charlas directas cos mariñeiros. Está clarísimo, polo demáis, que o idioma empregado é o noso, o galego: respecto diso, somos conscientes de que

—hoxendía— a meirande parte dos traballadores apenas ou nada len en galego, pro —tendo en conta que só cun idioma propio se pode ter unha cultura propia— nós eleximos sacrificar agora, en parte, o número de mariñeiros e traballadores en xeral que lean os nosos estudos, cuidando que, se o facemos nun galego sinxelo e asequíbel a todos, en pouco tempo eses mesmos mariñeiros acabarán por sentir eses estudos moito máis seus. Moito máis seus porque están no seu propio idioma. Esta decisión —engade Trasmallo— ten os seus riscos, non cabe dúbida, e nós asumímo-la responsabilidade».

¿Qué levades feito até agora?

«Ben, o que levamos feito foron, fundamentalmente, artigos prá Prensa, un informe publicado coa colaboración da Agrupación Cultural O FACHO —sobre do desastre do Urquiola— e, logo, charlas e mesas redondas en vilas mariñeiras. Temos en marcha un proxecto de estudos máis completos, dos que andan xa pola rúa dous deles e que firma Fernando G. Laxe porque é o responsábel da redacción, aínda que son o resultado do traballo colectivo».

«Temos no prelo, xa, un estudio sobor da planificación da pesca e traballamos agora —dín— nun proxecto de libriños, pequechos, nunha colaboración conxunta con outros equipos semellantes ó noso: Xesta, Lingoa, Saúde, Colectivo Galego de Estudos Socialistas... son equipos cos que esperamos

unha forte coordinación pra chegar a artellar unha verdadeira cultura galega e popular. O que non significa outra cousa que unha cultura en función dos intereses do pobo traballador galego e que este poida lela e entender coma súa».

Trasmallo, pois, na brecha: un equipo enteiramente autónomo aínda que a súa militancia nun compromiso, claro e nidio, sincero, con Galicia e coas clases traballadoras galegas. A elas vai o seu traballo. Un traballo, polo demáis, no que as dificultades se multiplican pola pervivencia de actitudes e institucións do franquismo: en suma, a apatía oficial pola investigación e pola problemática real do pobo. Un clima nada doado no que se ven mestura-la obstinación dun rector de Universidade —Pablo Sanz Pedrero— por manter á Universidade Galega confinada nunha sorte de estado de sitio, de búnker plastificado. Un reduto das catacumbas que non fai, xa, máis que dificultar calquera xeito de traballo progresista.

«NON TEMOS MAIS REMEDIO QUE ADEPRENDER POR NOS MESMOS»



«A FINANCIACION SAE DOS NOSOS PETOS»



«HABER, SEMPRE HOUBO INVESTIGACION, PRO...»

AS COUSAS NON CAMBIARON MOITO CON ISTO DA «REFORMA»



# VISITENOS na ESTRADA

INDUSTRIA  
DO  
MUEBLE



## desiñamos bo gusto



Visite as nosas tres plantas  
de exposición

Atopará o modelo que lle  
compre.

**creamos un estilo**



Nos tempos políticos que corren, non é doado atopar aínda, pra unha forza política coma o M.C.G., tribunas públicas dende as que poidamos explicar - la nosa visión de Galicia, os nosos obxectivos políticos a corto e medio prazo e todas esas pequenas cousas que hoxe precisa coñecer - la opinión pública pra poder orientarse no complexo mundo dos partidos políticos. Por iso, cando existe unha ocasión pra facelo, as ideas que ún quixera transcribir rebasan con moito o acoutado espacio periódico do que dispón. Esta limitación, no acceso ós medios de comunicación, grave de discriminación dabondo, non adquire cecais toda a súa transcendencia na actual conxuntura política polo feito de que moitos lectores terán xa comprobado que as declaracións ou tomas de posición dos diferentes partidos non constitúen certamente un elemento definitivo de diferenciación entre eles. Na meirande parte dos casos, as claves decisivas pra obter un coñecemento serio dos partidos e das súas alternativas políticas hai que buscalas na súa historia pasada e recente, na súa práctica cotiá e nas biografías políticas dos seus dirixentes.

Dito isto, non estará de máis enunciar, siquera brevemente, os puntos máis importantes que configuran o noso programa, a alternativa política que ofrecemos ó pobo galego. Partindo da consideración básica de Galicia como unha nación sometida a un asoballamento político e cultural (inexistencia de ningún tipo de institucións políticas propias, esnaquizamento da lingua e cultura nacionais) e a unha dependencia económica que a mantén no subdesenvolvemento e que constitúe un elemento necesario no funcionamento do capitalismo español, o noso Partido percura o establecemento dunha sociedade socialista na cal o poder político e económico estea nas mans dos traballadores e sexa exercido ó traveso duns órganos de goberno galegos artellados solidariamente nun Estado federal cos outros gobernos populares ibéricos. Coidamos, pois, que os vellos e graves problemas galegos da emigración, do paro, do subdesenvolvemento, do asoballamento da lingua e cultura, opresión da muller, marxinação de mozos e vellos..., somentes atoparán unha verdadeira solución no marco dunha nova

## A nosa responsabilidade

XESUS VEGA BUXAN (MCG)

sociedade, onde os traballadores e todo o pobo dirixan e controlen democráticamente tódolos resortes de poder, tanto económicos coma políticos. Nesta perspectiva, traballamos hoxe pola inmediata consecución dun réxime democrático en Galicia no cal o pobo exercite plenamente a súa soberanía nacional e poida levar adiante conscientemente, as tarefas históricas que obxectivamente ten hoxe plantexadas.

Descrito así, dun xeito obrigadamente xenérico, o noso proxecto político xeral compre agora facer algunhas reflexións encol da actual

situación política galega pra que o lector poida establecer mellor os puntos de referencia clarificadores no denso e confuso panorama político galego. Atopámonos, sen dúbida, nunha situación moi diferente da que tiñamos hai tres meses: o Goberno Suárez está hoxe máis afortalado ca entón; os fascistas instalados dentro e fóra do aparello de Estado franquista están tentando a volta ó pasado dictatorial; as alianzas políticas xurdidas en Galicia no ano 76 (Táboa e Consello) están practicamente desfeitas; escomenzan a tomar corpo, na nosa nación, certas forzas políticas de centro e de dereita non existentes deica agora. E presidindo toda esta nova situación, un feito moi importante: a celebración das primeiras eleccións dempóis da morte de

Franco. Aínda que estas se realizarán sen ter en conta os dereitos nacionais galegos e nunhas condicións semidemocráticas, serán un factor decisivo no desenrol da loita política en Galicia: as diferentes forzas exporán os seus programas; o gran público recibirá un bombardeo de nomes, biografías e proxectos; os resultados dos comicios darán maior pulo a certos partidos e esfolarán a outros....

Neste contexto, o M.C.G. fai esforzos pra que sexa realidade unha alianza das forzas nacionalistas de esquerda, de forzas das que o común obxectivo sexa a conquista dunha Galicia autogobernada, democrática e socialista. Temos moitas razóns que xustifiquen ditos esforzos. Unha delas, a constatación da necesidade de ofrecer hoxe xa ó pobo galego unha alternativa política galega e de esquerda que poida competir con todos aqueles programas presentados por partidos dos que o «galeguismo» non pasa de ser unha declaración formal de boa vontade ou ben resulta se - la derradeira chaqueta da que se pode botar man cando outras máis antidemocráticas e inconfesables xa non serven. Outra, a convicción de que a loita pola democracia, o federalismo e o socialismo esixe dende agora a formación dun fronte que, respetando a pluralidade de opcións partidistas, sexa unificador de esforzos na percura dos devanditos obxectivos.

O Goberno e as forzas da dereita —apoiadas na política de certos grupos teóricamente de esquerda— tentan atranca - los avances na unión dos partidos da esquerda. Pra eles, socialistas e comunistas, por exemplo, deben camiñar por separado, sen establecer alianzas. E un xuício lóxicamente interesado: amosa o seu medo a que semellante feito ocorra, pola potencia política que conlevaría. Velahí, dende outro punto de vista, a histórica responsabilidade que témo-los que podemos, eiquí e agora, construír dita unión.



**Xesús Vega**

Xesús Vega Buxán, menos de trinta anos, ten representado numerosas veces ó seu partido, o Movemento Comunista de Galicia (MCG) nas conversas con outras forzas políticas do país. Traballa como profesor de Economía da Empresa na Facultade de Ciencias Económicas de Santiago. No seu artigo, o señor Vega espón algunhas consideracións encol do seu partido e os obxectivos que se propón.

### As razóns dunha tribuna

Co artigo que sigue, iníciase en TEIMA unha nova sección, por máis que o nome sexa clásico: tribuna política. Con todo un proceso electoral preñado de incógnitas a poucos meses vista, parece obrigación imprescindible pra calquera medio de comunicación dar a coñecer as diversas alternativas que ofrecen hoxe as forzas políticas actúas. O marxe dunha serie de conversas e mesas redondas cos diversos sectores ideolóxicos do país —que se inician, coa dereita, xustamente neste número— é a nosa intención ofrecer a tódolos concurrentes ás eleccións unha tribuna desde a que expoñer as súas ideas ó electorado. Representantes de tódolos partidos —sin distincións— foron convidados por esta revista á expresión pública dos seus principios e obxectivos. Como as respostas non foron todo o rápidas que o prelo demanda, repetimos agora a invitación. As nosas páxinas están abertas.

# todo pró agro




**CARRARO**

**DAVID BROWN**



**LEYLAND**



distribuidor exclusivo:

**Finanzauto  
Y SERVICIOS, S. A.**

*"trate con profesionales"*

LUGO:  
CRTA LA CORUÑA KM 513

**DELEGACIONES:**

ALCAZAR DE SAN JUAN (Ciudad Real), ALICANTE, BARCELONA, BILBAO CASTELLON, CORDOBA, CUENCA, JEREZ DE LA FRONTERA (Cádiz), LA CORUÑA, LUGO, LUGONES (Oviedo), MALAGA, PAMPLONA, SAN SEBASTIAN, SEVILLA, TARRAGONA, VALENCIA, VALLADOLID, VITORIA, ZARAGOZA.



Non é a primeira vez que TEIMA se adica a estudar a importancia política da poboación inmigrante no futuro desenvolvemento democrático de Catalunya.

**COSTA CLAVELL** que xa ten chamado a atención dos lectores sobre o fenómeno lerrouxista nado nos comezos do século e que agora resucita cos novos folgos que lle prestan o neofranquismo e máis outras forzas centralistas.

## Catalunya

# Os decisivos votos dos inmigrantes

Trátase, agora coma denantes, de opoñerse a que Catalunya poida ter un goberno autónomo, o da Generalitat. As forzas residuais do franquismo, as mesmas que empurraron ós inmigrantes cara ás terras catalás desde as súas de orixe, onde o subdesenvolvemento e a fame propiciaban o éxodo interior e exterior, son as que nestes intreos de transición da ditadura á democracia alertan con falsía ós inmigrantes sobre o seu futuro nunha Catalunya autónoma.

«Nesa Catalunya autónoma —dínlle-los lerrouxistas— vós sereis cataláns de segunda clase». «Obligaránvos a depender da lingua catalá e a falar nese idioma». «Non se deixará que os vosos parentes veñan traballar a Catalunya». «Sereis estranxeiros na terra en que traballades»...

Estes e outros moitos capciosos alegatos polo estilo son verquidos nas orellas dos andaluces, dos murcianos, dos aragoneses ou dos galegos que viven e traballan en Catalunya.

### NUMEROS QUE FAN PENSAR

O perigo destas insinuacións doloosas pra democratización en Catalunya é moi grande, xa que non se pode esquecer que a democracia pasa forzosamente en Catalunya polas canles dun goberno verdadeiramente autónomo, o mesmo que ocorre en Euzkadi ou en Galicia. Hai que ter moi en conta que o proceso democratizador e autonomista pódese encererar moito se os inmigrantes non votan ós partidos especificamente cataláns. Unha ollada

ó censo electoral catalán abonda pra calibrar mínimamente a realidade do perigo lerrouxista.

Dacordo coa tabulación do censo de 1970, facilitada no Consorcio de Información e Documentación de Catalunya, e de xeito moi especial polos datos feitos públicos polo edil do concello de Barcelona, Eduardo Tarragona, no territorio catalán poderán votar nas vindeiras eleccións 3.796.000 persoas, dun total de 6.075.000 habitantes. Destes votantes, 2.931.700 farán pola circunscrición electoral de Barcelona, 325.000 pola de Tarragona; 240.200 pola de Lleida e 299.300 pola de Girona.

Pois ben, hai que sulñar que destas 3.796.600 persoas que votarán en Catalunya, 1.435.500 son inmigrantes, ou sexa que representan o 36 por cento do electorado catalán. O perigo do lerrouxismo non é ningún gran de anís, como se desprende da importancia real destas cifras. Non o é globalmente dentro do contexto político xeral de Catalunya. Nembargantes aínda é máis grave ese perigo polo que se refire ó caso particular de Barcelona, provincia na que viven 1.242.200 inmigrantes, é dicir, o 41 por cento do total da poboación provincial. Na provincia de Tarragona vive 80.822 inmigrantes —o 25 por cento da poboación total provincial. En Lleida, 46.538 —o 19 por cento e en Girona, 66.139, o 22 por cento.

Se todos eses continxentes de votos non se decantan cara ós partidos democráticos que defenden a autonomía de Catalunya e, pola contra, son traballados polo lerrouxismo de mil fedentas testas caciquís e centralistas, xurdirá das elec-

cións deste ano unha Catalunya conflictiva, escindida e airada. Xustamente a Catalunya que lles convén ós herdeiros do franquismo.

### TODOS OS QUEREN

As manobras lerrouxistas véñense hastra agora volcando prioritaria e abertamente sobor da masa inmigrante andaluza que, de facer caso ós datos facilitados pola Federación de Casas Rexionais en Catalunya, totaliza 500.000 persoas. Pro tamén as outras colonias vén sendo soterradamente traballadas polas centralistas cos seus patrióticos sofismas. Por exemplo, ós 160.000 galegos inmigrantes en Barcelona non os esquece Fraga Iribarne. Xa hía tempo —cando aínda quería se-lo guieiro do cen-

tro— que o líder de Alianza Popular a traveso dos seus homes de palla en Barcelona tentou, e é de supoñer que seguirá tentando, facer do Centro Galego unha sucursal de Reforma Democrática. Moito ollo, pois, tén que te-los partidos democráticos cataláns se non queren fracasar estrepitosamente nas eleccións. Cómprelles gaña-la vontade dos inmigrantes. Sen os seus votos, a democratización e máila autonomía fica no aire, xa que a poboación inmigrante é un factor con moita forza en toda Catalunya e mesmo determinante nalgúns puntos, coma por exemplo, Santa Coloma de Gramanet e mais Cornellá, onde o 64 por cento dos habitantes non son cataláns, ou en Hospitalet que conta cun 58 por cento de veciños chegados doutras terras.


## O poder xoga coa paciencia

Mentres que co establecemento de relacións con México se daba un paso adiante no camiño da normalización de portas pra fóra, o que está a pasar dentro das fronteiras do Estado Español pode desfacer-los nervios dos observadores e das forzas políticas da oposición. Ocorre que todo está pendente dun flo e que os parches que sucesivamente aparecen, lonxe de amañaren algo, complícanos todo no seu favor. O poder e máilos intereses que o moven, que xogan a conciencia coas cartas marcadas, saben das súas ventaxas e das dificultades e divisións da oposición. Hoxe todo o mundo sabe que as negociacións famosas dificilmente poderían dar outros resultados. Todo se segue cocendo nos mesmos fornos, sen ter en conta o pobo, mentres se fan mil e un cálculos

das máis ou menos reais posibilidades de rebasar un determinado tanto por cento dos votos nunha zona concreta. A que se pode armar aquí se aparece a abstención testaruda e responde.

A reforma, a continuidade parece, polo de agora, asegurada. Por iso xoga Suárez con ese ser non ser candidato, mentres hai forzas reais e representativas que agardan decisións legalizadoras e presos que agardan a chegada da amnistía e centos de esperanzas que agardan un realismo político que non parece deste mundo, deste Estado.

Entre nós a política segue sendo un problema de paciencia prós máis. Coa Semá Santa polo medio pra facer por riba penitencia. O millor un ano calquera eses «máis» danse de conta, mentres o Poder se pasa.



## Palestinos:

### «Non máis bombardeos, ti»

A devolución da ribeira oeste —sector de Gaza— e os enclaves de Himma de Auja —dous antigos postos desmilitarizados na fronteira— é esixida polos palestinos cara un «plan de paz» pró que «pódese establecer un estatuto de non belixerancia entre o futuro Estado soberano de Palestina e máilo Estado de Israel».

Son secuencias dunha mensaxe que a OLP remítu ó Goberno de Israel ó traveso de Bruno Kreisky, canciller de Austria. Os dous puntos —non belixerancia e recoñecemento de Israel— veñen a responder ás meirandes reservas suliñadas por Israel respecto do proxectado Estado palestino: que este baseara a continuación da loita e que a devandita Organización pró Liberación de Palestina non chegara a recoñecer a Tel-Aviv e «teimar nos enfrontamentos hastra a total extinción de Israel coma Estado sionista».

O «plan de paz» palestino fora repetidamente negado denantes de agora, mais a confirmación da súa existencia —logo do Congreso Palestino— polo representante en Londres da OLP (Issam Sartawi) confire máis realismo ó proxecto. «Pro, pra unha total solución pacífica, outros temas —pódese ler no documento— teñen de ser determinados: o máis importante deles é a aceptación e cumprimento, pola banda de Israel, do dereito dos refuxiados palestinos a voltar ós seus fogares orixináis se o desexan, ou de seren compensados se —dun xeito libre— escollen non voltar a eles». O chamado «plan de paz» recolle, coas modificacións salientadas, algúns puntos da Resolución 242 do Consello de Seguridade das Nacións Unidas do mes de santos de 1967, pola que a organización internacional tentou restabelece-la situación anterior á guerra de xuño daquel ano e senta-las bases dunha negociación xeral.

## Muzorewa:

### Referéndum, xa

Bloqueados máis e máis cada día que pasa, obrigados a concesión tras concesión, o cono sur africano está a perfilar coma o cada-leito futuro das minorías brancas que dirixen —dialéctica das metralletas— en Sudáfrica e máis Rodesia. Os novos nazis, Vorster e Ian Smith, conversan nestes días en Johannesburgo logo de que o segundo estivera a velas vir: Abel Muzorewa —bispo e líder nacionalista rodesiano, dirixente do Consello Nacional Unido Africano— eixíralle, días atrás, a celebración dun referéndum no que participaran tódalas etnias e razas do país pra eleixir ó home que dirixa o proceso de independencia». Smith, claro, dixo que aquilo non era viábel. Mais o camiño da maioría faise a golpe de machado pesia que, prós feligreses sudafricanos, «... o Verbo de Deus predica a segregación racial e a tutela dos nativos polo grande home branco». Muzorewa, bispo, «a outro can con ese oso».



## Videla:

### Demasiados mortos

«Ogallá á boa memoria do pobo español —dixo recentemente o novelista Julio Cortázar, falando de Argentina— lle lembre hoxe un cadro que coñecéu dabondo». «Na Argentina —manifestou nos mesmos días un membro do CADHU (Comisións Argentina de Dereitos Humanos)—, a violación dos dereitos humanos ten características moi precisas, por iso nós calificámola de «terrorismo de Estado». Continúa existindo o Triple A —grupos autónomos ou paramilitares que proceden das mesmas estruturas do propio Goberno ou das forzas militares. Estes grupos actúan cunha seguridade de movementos que é infalbel: a existencia dun soio prisioneiro pertencente a estes grupos, fai pensar que son persoas oficiáis.

O caso é que, días despóis do primeiro cabodano da dictadura militar argentina, o balance non pode ser máis tráxico pró pobo: namentres a Xunta Militar conmemorou a data (24 de marzo de 1976) decindo que «o país de marzo do 77 é, indubidábelmente, outro país có de marzo do 66», hoxe sábese que 20.000 homes e mulleres desapareceron; nas cadeas argentinas atópanse máis de 10.000 presos políticos e levan aparecidos, aproximadamente, uns 2.500 cadavres. Todo, en doce meses. Polo demáis, coma viña a decir Cortázar, «en nome dun patriotismo e dun nacionalismo de clara filiación fascista, a Xunta e os seus esbirros están a destruír sistemáticamente a cultura dun pobo, non somentes eliminando ou perseguindo a intelectuáis e científicos e artistas, senón impondo as censuras máis arbitrarias á liberdade de expresión».

A pesares deste xigantesco regueiro de sangue, a dictadura non está consolidada: á diverxencia no seo das Forzas Armadas súmase a existencia dunha clase obreira politizada e organizada. O deterioro progresivo da situación económica está a poñer ós Sindicatos en posicións cada vez máis esixentes e de oposición, cousa á que habería que engadir —tamén— a aberta condena da Xunta pola mesma Igrexa. Mesmo, a Administración USA —na súa actual teima de vencella-



VIDELA: E AGORA ¿QUE?

mento da axuda exterior ó respecto dos dereitos humanos— acaba de da-lo seu apoio a unha Lei do Congreso que, de ser aprobada, prohibirá a Washington a concesión de préstamos ós países que rexeitan a posta en punta dos máis elementáis dereitos e liberdades públicos.

As cousas deste xeito, hastra os militares —na soidade do poder e divididos políticamente— non chegan xa á contención da resistencia popular argentina. Os «duros» e máilos «liberáis» das Forzas Armadas tiveron que acordar, nos últimos días, manterse nunha tregua de noventa días no miolo mesmo dunha loita subterránea pola conducción do réxime militar «pra dar —segundo fontes dignas de creto— unha impresión de mor solidez nun intre en que medran as críticas exteriores e a crise interior. Se ben Videla conta co apoio da maioría dos 38 xeneráis en activo, ningún dos seus millores aliados está en cargos «de combate». Videla, coma Pinochet, ten os días contados:

¿Cándo?





**Perto de Vilalba, en Loboso, «o máis alto de Pastoriza», P. IGLESIAS SIERRA falou con Fidel das Barbas. Un home ceibe, unha vida ben aproveitada, nunha terra fermosa... Todo fai lembrar o poema de Noriega: «E bebe, hirmao, d'os astros e d'as rosas».**

A Historia —dín— están a face-la uns poucos. Somentes os que poidan pagala con cartos de seu, turran do carro da vida polos vieiros de máis comenencia; pra eles, prós seus amigos ou benefactores.

Pro ninguén coñece —ou teima por coñecer— a historia miuda dos que cada día, cada nova mañá, intentan redescubri-lo secreto arcano dos seus propios destinos, xunguidos a unha común universal esperanza.

Por outra banda, a grandeza histórica debece tanto pola suntuosidade, polo ben feito ou ben dito, que nin tan siquera ten ollos pra todo aquel que non se axeite ós seus fundamentáis principios de compostura, sexa cal sexa o seu chanzo na escada da condición social. Desde o máis rico o máis probe, o que non se someta ás «regras» estabelecidas queda pra sempre fóra de xogo.

## UN HOME CEIBE

Con todo, ó Fidel das Barbas, coma outros moitos, endexamáis puideron encadealo con vellas nin novas regras.

Fidel, o das Barbas —segundo el, catro anos— cincuenta e pico

## Con Fidel, no camiño da serra...

botóunos cun cáncer ó lombo. E agora, que rematóu de o curar, tenta casar cunha señorita de «quinze á vinte».

Pra cura-lo cáncer: vinagre —el calcula ter bebidos máis de 200 litros— auga e leite, «metá e metá», zucre á medida do paladar de cadaquén, caldiño soio ben quente e non pensar en nada nin forzarse). Con esta receita o sangue renovaráselle talmente a vostede, anque teña os anos que ten, voltará a ser —e pensar— igual ca un picariño de tres a catro días.

O do Fidel non é conto.

Nacéu nun fermoso val, O Castelo, terras arriba da Pastoriza, pertiño mesmo desa longa serpe que é A Corda.

(Aconséllase pasar pola feira de Gontán —maiormente tódolos primeiros sábados de cada mes— e merca-los queixos, loras e fouciños dunha e doutra banda: Romariz, Labrada, Montouto, Quende... E de paso, se ten paciencia e pouca dor do coche, subir hastra ó Cristo de Manuelciño, por Fraiás —a 3 kilómetros da feira— e olla-la grandeza verdecente da Terra Cha luguesa: Villalba, A Feira do Monte, O Arneiro, Castro... Máis adiante, seguindo a pé, polo camiño do cimbro da serra, chegar ó Cristo do Fiouco, coller folgos —mentres percorre a inmarcesíbel beleza de Mondoñedo ou as lizgairas neboiñas do pai Cantábrico, aló en Foz— pra desandar de novo deica ó punto de partida, baixar por Guizán-Loboso, «o máis alto da Pastoriza» e pillar un taco

en calquera das tabernas que aínda van quedando: Campo das Cruces, O Roxo, Teodoro...).



«E DENDES DAQUELA GASTA CUMPRIDA BARBA»

## UNHA VIDA BEN APROVEITADA

De neno, non tendo millor cousa que facer, adeprendéulle a xoga-la «lebre escura» ó mestre. Despóis, adeprendéullela a tódalas mociñas

do lugar. Foi bon cavador e adoita-ba non voltar á casa dende do luns ó sábado. Chamárono pra face-la guerra e libróu por xordo. (Disque oía, e oe, tan ben coma calquera). Casóu por un ano e «fun bon home por tela cabo mñ máis do acordado» —di cando lle reprochan o feito. Taberneiro, paradista, barbeiro, autonomeóuse embaixador de Fidel Castro cando este tomóu o poder en Cuba; e dendes daquela gasta cumprida barba. Sempre gostóu de se vestir de branco con «chapeau-pajilla» tipo indiano. Tivo bois de parada —Navarro, Pachán, Gallardo— e un cabaliño rapelo, deses que vostede vería pola Corda —Mañico— que xunguía co Navarro pra corre-lo Antroido.

O Fidel, sesenta anos de vida ben aproveitada.

E, se por un casual interesa tanto en coñece-lo noso personaxe, saberá dos outros oficios, andanzas e desventuras que aquí eu calo, falando coel, parolando moi devagarriño e a xeito —como a el lle gusta— non vaia ser lle responda o que aquel personaxe cunqueirán, Marcelo de Muras, acostumaba:

—Capador, pra servilo.

Pois o Fidel, entre outras cousas, sempre foi moi ben falado, pro cun chisco de retranca que nin tan siquera se lle nota.

«O FIDEL SESENTA ANOS DE VIDA BEN APROVEITADA»





A romería de Santa Eufemia de Arteixo-Coruña foi un vello de quen se sabía —polas trece linguas que falaba— que levaba trece demos no corpo. O sancristán fíxolle o exorcismo e, despois de beber aceite da lampada, o velliño gomitou, dentro dun molete de pelos, canto diaño

tiña espetado no corazón. Con grande sorpresa de todos, o home non deu sanado e só coa súa morte aclarouse o misterio: aínda tiña dentro o espírito maligno dun frade que, por ser mudo, ninguén se decatara da súa presenza.

## ¡Arrenegado sexa o demo!

A.L. MARIÑO

«¡Arrenegado sexa!» era cousa obrigada de dicir pra que o demo non aparecera na aldea cando alguén, sen decatarse do que decía, o chamaba polo seu nome. O labrego di sempre «o maldito», «o cornudo», ou «o rabudo», non sexa que deci-lo seu nome verdadeiro tómeo o demo como se fora unha invitación e veña á casa dún cando ninguén ten necesidade del.

### DEMOS RUINS E DEMOS PICAROS

A cultura agraria galega acepta a presenza do diano como resultado da mesma presenza de Cristo, xa que se fai difícil crer nun sen crer no seu rival. Esta mesma cultura divide ós demos en dúas clases: *demos* e *demiños*. *Diaños maiores* son aqueles máis ruíns, os que tratan de perde-los homes: non paran de dar tormentos nin de tirar patrás dos negocios, hastra que o labrego se encabuxe e renegue de Deus. «Canouro» e «Man peluda» son os nomes que se lle dan os demos que fan tantos desacougos nas almas e tantos sufrimentos nos corpos. «Pedro Botero» chámase o demo que está no Inferno coas caldeiras ben fervendo pra recibir ós homes que morren en pecado. *Diaños menores* son os que andan sempre a enredar, a dar sustos e a bulrarse dos campesiños. Dise deles que son os anxos que se fixeron do bando de Luzbel non por maldade senón por ser un pouco lixeiros de cabeza, e que Deus lles deu, cando ían camiño do Inferno, unha especie de amnistía. «O Sumicio» é un destes demos cativos e a súa teima e roubar obxectos, xustiño-xustiño, nos intras que máis se precisan. «O Trasno» é o de máis sona destes diaños: é moi amiguiño de gracias e malicias, de poñer medo á xente e de cambea-las cousas de sitio; tamén ten moito de pícaro e lampantín, xa que lle gusta o viño, a boa mesa e o apalpar nas mulleres.

moi peluda, rabo de mono, cornuchos cativos, orellas de gato e pesuñas de castrón. De tódolos xeitos, non é doado velo maldito ó natural, que sempre anda disfrazado pra poder colle-la xente a traición: as máis das veces, bota man de aparencia de animal e soe aparecer nas encrucilladas dos camiños. O peor amigo que ten o diaño é el mesmo, xa que sempre leva tras de si un cheiro doente que avisa da súa presenza. Cando se viste de persoa, dous son os seus disfraces favoritos: *diputado* de moi fina figura, con levita e un pucho de tres cuartas ou *señorita* de grande fermosura que anda pedindo axuda. Nestes casos, a moita colonia que leva enriba tápalle o cheiro, pro o labrego axiña se decata do engaño cando lle pide algo en galego, lingua que ten prohibido falar.

A misión do demo é entrar nos corpos das xentes e perdela pra sempre. As veces, entra directamente polos buratos do corpo, sendo o seu preferido a boca; por esta razón, se un non quere laiarse logo, ten que facer sempre o sinal da cruz cando boquexe; tamén pode agacharse na comida ou na bebida, por iso é conveniente deixar sempre algo de viño ou do pan, xa que é no fondo dos vasos e nas derradeiras migallas de pan onde se mete sempre. Mais estes son trucos de aprendiz, parvadas nas que os demos con clase e soleira non perden o tempo. Sabéndose moi listo e discurredeiro, o anxo rebelde anda sempre con engaños, xogando coa soberbia e máila avaricia da xente pra face-la picar na trampa que sempre teñen os seus desafíos. As veces, debe ser polos fracasos coa xente maior, o demo non para hastra entrar nos meniños aínda non batizados.

O labrego porque sabe da gran-

dísima astucia do demo sabe que sen estar a ben con Deus non hai xeito de gañarlle a partida. Así as cousas, recorre a benzón dos campos e casas pola Pascua; pon cousas bentas detrás das portas ou lévaas consigo metidas nos petos e na faltriqueira. Pra que o demo non entre nos nenos recién nados, a súa nai ten que reza-los sabados, ás doce da noite, diante dunha imaxe do Salvador: conséguese, entón, que o diaño non poida pasa-la ponte da aldea. Un truco do que bota man con moita frecuencia o labrego é o de tirar graus de millo polo chan, xa que na súa recolleita o animal infernal bota moito tempo por non dárenselle nada ben as contas.

### OS EXORCISMOS

No campo, o demo ten sona de ser home de palabra cos seus, cos que atrapa nos seus enredos. Fai por eles o que sexa, dende casalos hastra levantar pazos, castelos ou igrexas nunha soa noite. Por terras do Baixo Miño, disque un home escoitou como un demo grande mandaba noutros demiños cativos con estas palabras: «Canta el gallo blanco, pico al canto»; logo, «canta el gallo pinto, ande el pico»; pra rematar coa obra decindo «canta el gallo negro, pico quedo».

Cando un cae nas mans do demo e quere arrepentirse —porque non todos queren ter a Deus por amo—, non hai outro remedio que o *exorcismo*, rito que consiste en libra-lo poseso do *ramo cativo*, que é como se chama á doenza síquica da posesión. Hai moito tempo eran os mesmos cregos os que facían exorcismos, mais non tódolos curas tiñan a mesma maña pra saca-lo demo do corpo dun católico. Dúas eran as cousas que daban fe da calidade do cura: unha, o sitio

polo que saíra o diaño, pois era moi frecuente que o tal conduto quedara moi danado, e non era cousa de quedar inútil de certas partes nin de levalas coma se foran de adorno; a outra cousa que se lle pedía ó cura era que soubera moi ben onde lle buscaba nova casa o demo, porque «o cornudo» non podía quedar sen morada.

Cos tempos, as cousas da igrexa mudáronse e xa non se lle permitía ós curas facer exorcismos, por considerasen que isto era cousa na que só Deus tiña entendemento. E por esta causa pola que nacen algunhas das máis sonadas romerías de Galicia: a Ribadavia vaise o 29 de abril a rezarlle a San Pedro Mártir; en Lalín, no 24 de xullo, pídeselle o favor a Santa Baía; en Arteixo, o 19 de setembro, a Santa Eufemia. O San Campio, de Figueiró-Ourense, e o San Ourense de Entines, da Serra de Outes-Coruña, tamén son santuarios de moita sona e dánselle moito creto a toca-lo cordón de Santo Agostiño.

Os endemoniados que van ás romerías levan consigo herbas varias, pan bento, escapularios, incenso, mirra e paquetes de asafétidas (máis coñecidas por *merda do demo*). Esta xente fala tantas linguas coma demos ten no corpo retórcese como cobras, non para de cuspir e non hai quen poida facela entrar na capela. Unha vez dentro, escómanzan a calmarse e hai que escoitar tres e catro misas. Cando sae a procesión, os endiañados pónense á cola e, entón, xa non hai sandiola que terme deles; cántalle a Deus e ós santos e ós homes cantas barbaridades collen entre o ceo e a terra e a cousa está ben que sexa así: canto máis aldraxes tiren enriba de Deus quere dicir que está máis perta a liberación, a volta ó curro dos bos, a que as cousas marchen con tino e paciencia, sen o doente ritmo vital do poder facer canto o corpo sente como necesario, de poder baillar enriba de canto bo costume preme a vida de cada día.

A verdadeira figura do demo é aquela que ten corpo de home, pel





**ALFA-LAVAL**

**SAUDAN A TODO O GALEGO  
... O CAMPO**

*E OFRECENLLE A SUA GAMA DE PRODUCTOS*

- *Equipos de munxir de cubo*
- *Munxir por tubería «R.T.S.»*
- *Salas de munxir*
- *Tanques de frío*
- *Tratamentos completos pra esterco*
- *Toda clase de maquinaria agrícola en xeral*



**DO CAMPO E PRO CAMPO**

Casa Central: Avda. de A Coruña, 123. - Telfs. 215852 - 214650



## Xeroglífico

Pregunta: ¿Qué decía o cartel?



Resposta ó Xeroglífico publicado no número 17: «BAILANDO E MEDIA CHEA»

## Adicado ós de Xove

Os veciños de Xove, seguramente, gustaríalles saber qué pensan en Alemaña das Centráis Nucleares. Seguramente, nesta ocasión, sobra texto cando a imaxe desta portada dunha revista é dabondo faladora. Así que deixamos de face - la tradución e que cada quen maxine: non se queden cortos, maxinen, maxinen... qué pensan os alemáns da Enerxía Nuclear que alguén tenta instalar no Cú de Regodela (Xove).

**pardon**

Kostenlos! Sonder-HEFT  
 Kostenvoller Auszug aus pardon 3/77.  
 65 von 102 Seiten zum Thema Kernenergie!  
 An allen Klassen ab 25,-

48 Extra-Seiten Information, Plakate, Satiren, Aktionshilfen.  
**KKW-Der Weisheit letzter Schuß!**  
 Wie dem ist, & Wie verlässlich sind Experten? • Was kann jeder selbst tun? • Wie ergötzen wir dem Energie-Terror? • Wie sind die Bürgerinitiativen zu verstehen?

## Carballo, o preso

Fernando Carballo, detido varias veces por roubar pra poder comer insiste en que a amnistía «non é solución prós meus queridos compañeiros» —refiríndose ós presos comúns— xa que a marxinação dos delinquentes non ten outro responsábel que a mesma sociedade tal e como está constituída.

O seu primerio ano na cadea pasóuno logo de roubar un murico de cacahueses. Tiña catorce anos e, hastra a última condena, a súa vida fa ser unha teima constante pola liberdade. Hai pouco, cando saíu da prisión amnistiado, cumpría trinta anos de castigo dos que xa levaba trece.

E o home máis represaliado polo franquismo, o que máis anos pasóu baixo dos lombos aplastantes dos cárceres españoles. Nembargantes, está cheo de vida. Carballo, carpinteiro e xastre na liberdade, está na casa. Siro queríalle adica - la súa caricatura pró 1 de abril («Día de la Victoria») xunto con outra do xeneral Franco. O dibuxo, pois, chega tarde e o retrato de «caudillo», ó millor, aínda non é publicábel.



## Mintideiro (verdadeiro)

Lúa nova no Aries ós 35 minutos despóis das dez, pola mañá. A auga alpeiróu e virá sazón moi leda, cun sol morno e garimoso que da xenio velo. Todo está a agromar e nos ceos e na fasquíla das xentes tamén abrocha a esperanza dun ano farto. A ver se é certo, pois.



RAPAZA DO KRAKATOA NUN MOMENTIÑO DE ACOUGO

## Krakatoa

Unha noite, en Lalín, os corazóns estiveron a piques de ir á loita consigo mesmos. Foi un instante: detrás, o bolero de Ravel; diante, xusto diante, ó compás da sinfonía fanse espreguizando tódolos demos do mundo, un a un, teta a teta descorchada namentres aquel corpo cobraba vida e vida e vida... E vida. Por un instante, os corazóns estiveron no cabo da explosión. Sen alento, escomezaba unha nova época: a xente en silencio, contendo a respiración, sorrindo gorxa abaixo, sentindo non sei qué nas entrepernas... o club *krakatoa* abría todo por non abrir, máis, só as portas. A ceo aberto, no maxín, esbouraban sesenta kilos de vida sesión dobre: dous corpos de muller. Fora a proba de lume do estriptís. O empresario da discoteca escomezaba a mesma guerra. Por *krakatoa* pasarán, en adiante, tódolos demos do mundo. Dende ácratas-café-teatro-qué-tal deica o travesti. Atentos: fora a primeira noite baixo o volcán. Ahhhhhhhhhhh...

## CAITANO Por XAQUIN MARIN





## Aquel outro Gil-Robles

Hai algunhas semás, o señor Gil-Robles senior achegouse hastra Santiago pra ofrecer unha conferencia a invitación do vicerrectorado da Universidade. O ex-líder da Confederación Española de Dereitas Autónomas —versión *camp* da actual Confederación Española de Centros Arrepentidos— provocou o que teñen por costume provoca-las dereitas: a desunión das esquerdas.

A súa intervención (na que o antigo conspirador contra a República falou de liberdade e cousas así) foi motivo de enfrontamento entre grupos de estudantes esquerdistas, partidarios do boicot directo uns e de escoita-las razóns do señor Gil-Robles os outros. O final, a cousa quedou en empate. O único gañador fixo foi o demócrata (sic)-cristián recién dimitido do equipo estatal do mesmo nome. Véxase, a xeito de curiosidade, a sona de demócrata que tiña o señor Gil-Robles alá polos anos trinta. O dibuxo corresponde ó catalán Santsalvador e foi publicado no ano trinta e catro polo xornal barcelonés «La Rambla». ¡Heil, democracia!



## De xustos e inxusticias

A Xusto de Benito García corresponderíalle, sen duda, o premio «limón» en calquera concurso no que se presentara. Claro que ós premios da amargura ninguén se presenta por si mesmo, claro, así que á primeira ocasión que teñamos (ou, se non, facemos nós o concurso) imos nós presenta-lo seu nome. Porque, home de Deus, non é pra tanto... Vaites, vaites.

Resulta que De Benito, delegado de Educación e Ciencia en Lugo (famoso, entre outras lerías, polo despido dos catro penenes da Escola de Maxisterio lucense e por ser un dos máis teimosos responsabeis do expediente que o Ministerio lle fixera, no seu día, ó profesor Alonso Montero e polo que este fora desterrado a Montilla —Jaén—), é o home do que depende a Galería de Arte onde expón Xusto Moreda.

Pois vai, todo entre «xustos», e De Benito (¿non ten, non sí, certo nome de futbolista ou cousa así?) decide suspender-la distribución do catálogo no que o xornalista Xan Soto se explica con Moreda. A xente ficou apampanada: ¿a cónto de qué? Nin resposta. E o catálogo, do máis sinxelo e bondadoso,

convértese porque sí e pola gracia do limón nun panfleto coloreado. Din, seica, que é polo primeiro párrafo do devandito. ¿Sí? Pois vaia, home:

«A última vez que vin os cadros de Xusto Moreda —conta Soto— colgados nunha sala de exposicións foi hai xa dez anos. España viña de votar no penúltimo referéndum de Franco, nunha xornada semivacacional programada polo ministro Fraga.

Vietnam era un tráxico manchón roxo nas primeiras páxinas de tódolos periódicos do mundo. Barrié contra as sagradas nupcias cunha señorita vintésis anos máis nova. Franco, Franco, Franco rebosada tanta saúde que o do *párkinson* antollábasenos, aínda prós máis optimistas, coma unha lenda lonxana e, cecáis, imposíbel».

De Benito: andamos xa polo 77 e con gañas de vivir e face-lo que desfixo o xeneral, De Benito ¿déixanos —a nós— un chisco máis ledos? Prométemoslle ser bos rapaces. Despois de tanta sombra, corenta anos contendo o alento, señor, señor, tamén os hai que, por pasar, pásanse. ¿Vai túa?


CADRO DE MOREDA



G. Macía  
Compartimur Ovis



### ENCRUCILLADO



#### HORIZONTAIS:

1. Grixos, abres.
2. Poñería minas.
3. Alcume ou nome de guerra dun guerreiro galego.
4. Nome dun xenio irmandiño. Liga. Alianza Apostólica Anticomunista.
5. Miróu, contemplóu. Labrada. Cabeza de gando.
6. Apura, avengonza. Ulir, presentir.
7. Pronome persoal. O revés, derradeira comida do día.
8. Mina de area.
9. O revés, fai mal de ollo.

#### VERTICAIS:

1. Letra, signo de victoria.
2. Desembocadura dun río no mar.
3. Instrumento pra segar.
4. Adverbio de cantidade. Ataño de barro.
5. Expresóu a súa ledicia ou advertimento. Labrara a terra.
6. Afronta, fai frente a un problema. Pronome.
7. Tea cativa. Produto das abellas.
8. Adornado cunha orla. Nome dun asteroide.
9. Afluente do Miño. Cociñara a carne de certa maneira.
10. Organización terrorista argentina. Madeira de liño.
11. O revés, facianas, rostros.
12. O revés, ringleiras.
13. Punto cardinal.

Solución ó Encrucillado publicado no número 17:

#### HORIZONTAIS:

1. Ventoeira.
2. Pobo. Rila.
3. Oso. Sor.
4. Cons. Vosa.
5. Osian. Bañar.
6. Teodoro.
7. Vrans. Iasap.
8. E.R.
9. Ra. No.
10. Moa. Uob.
11. Edra. Ouse.

Polo demáis, todo está a seguir coma sempre. Máis dun dos premiados, xa, deron señais de vida: «O viño é bolsísimo», é opinión xeral. E nós que nada, que a mandar e a ver se hai sorte. Do encrucillado publicado no número 12 saíu o seguinte nome:

Francisco Riveiro Sanjurjo  
c/. Gravina, 10. 1.º, esquerda - O Ferrol  
Polo número seguinte, o 13, saíu Sabela Facal  
c/. Pítelos, 15 - Santiago



## VIII Coloquio de Historia de Pau (Francia).

# A crise do Estado Español (1898-1936)

RAMON VILLARES

Desde o ano 1970, o historiador M. Tuñón de Lara ven organizando no «Centre de Recherches Hispaniques» da Universidade de Pau (Francia) unhas xuntanzas de historiadores, politólogos e hispanistas en xeral, que xa gozan de recoñecida sonda nos eidos da historiografía e cultura españolas. A razón de ser destes Coloquios foi moi nida nun principio: poder falr, discutir e expoñer en Pau, ou sexa, no extranxeiro, problemas e cuestións que dificilmente poderían se abeirar en territorio español. Pro a evolución socio-política española empezou a repercutir na organización destas xuntanzas, de xeito que o propio Tuñón anunciou que, anque o «espírito de Pau» siga vixente, os Coloquios deben mudar de senso e mesmo de orientación. Por iso, a temática proposta e discutida no VIII Coloquio (18 - 20 marzo 77) —«*crise do Estado español desde 1898 a 1936*»— ten moito de culminación, de remate dunha xa longa xeira iniciada anos atrás.

### ¿CRISE OU CONTINUIDADE?

Como aportación de carácter global, foi sen dúbida a poñencia do Tuñón a máis específica e tamén a máis longa: «*Rasgos de crisis orgánica o estructural*». Nela referíuse á desfeita do 98 —crise económica xeral que non xerou unha crise política— á aparición da pequena burguesía provinciana e ás imbricacións mutuas de burgueses agrarios e financeiros (Romanones, Comillas, Pidal, Benjumea, Gamazo e moitos outros). Pro, ¿cando se produce a crise? Segundo Tuñón, principia no 1898 - 1916, claréxase entre 1916 - 1920 (cando a economía ía pra riba), remite unha miga na 1ª Dictadura e por fin plantéxase abertamente na 2ª República, cando o bloque economicamente dominante faise a un lado dos Centros de Decisión (aparells coactivos e ideolóxicos). O final deste enfrontamento entre dous bloques resólvese mediante a eliminación do contrario e non recurrido á captación ou persuasión. A conclusión do Tuñón é que houbo crise, manifestada nas incoherencias do antigo bloque dominante, pro sen solucións alternativas dos novos bloques. Indirectamente, esta opinión apoia a postura que tamén espuxo o profesor Solé - Turá, «*La crisis y la continuidad de los aparatos del Estado*», que insistiu continuamente no concepto de

«continuidade desigual» pra referirse á historia contemporánea de España. E decir, Solé - Turá parte do suposto de que o estado franquista non foi algo novo, senón continuación do mesmo poder de clase, que leva ás súas últimas consecuencias a tradicional impermeabilidade do estado español contemporánea á democracia e ás clases populares. «Tódalas experiencias democratizadoras foron derrotadas, incluso militarmente», precisou por derradeira vez o poñente. A «continuidade desigual» é, pois, un feito claro. Isto deu lugar a un animado debate, no que algún chegou a insinuar ó Solé se iso era historia da boa ou reinterpretación da mesma, de acordo con plantexamentos políticos actuais. O sangue non chegou ó río. Máis adiante, Blanco Aguinaga, fíxolle unha precisión ó Turá, pedindo unha análise da teoría da dependencia e deixarse de tanto «desarrollismo», invento ideolóxico do estado capitalista, precisión que no prosperou.

Sobor dos «Aspectos económicos da época» ía fala - lo profesor M. González Portilla, pro por motivos persoais non puido elaborar - la ponencia, que de seguro sería pertinente diante tanta análise socio-política. Portilla, nembargantes, estivo presente no Coloquio e resumíu brevemente o que tiña pensado facer, anque non pasou das xeralidades. Pola súa banda, Antonio M. Calero, «*Desmovilización y participación política*», fixo interesantes observacións sobor da vida política rural, as clientelas políticas, o caciquismo, etc. O problema xurdiu ó defini - la Restauración como unha «crise predemocrática» —rexeitando a opinión do J. Tusell que entende o caciquismo como «desviación aberrante da democracia»—. Esta definición foi impugnada por A. Balcels ó entender que o concepto de «predemocracia» inclúe un xuízo de valor político e polo tanto a súa utilización é incorrecta pedagóxica e histórica-mente.

### POSTURAS DIANTE A CRISE

Sobor de temas máis concretos e

específicos, anque enfocando o problema da crise, houbo aínda ben de aportacións. Xavier Cuadrat falou do partido socialista e a cuestión catalá, Moral Sandoval de catalanismo e socialismo no solpor da Restauración, Romero González do movemento obreiro no país valencián, Gómez Orfanell da noición de crise e a súa utilización ideolóxica, Cuesta Bustillo preguntouse se houbera unha resposta católica á crise dos anos 1917 - 20, e Fernando García de Cortázar, nunha longa poñencia, «*Iglesia y Estado en la España de 1898-1920*», estendéuse a falar do pacto da Igrexa coa burguesía, do perfeccionamento da institución eclesial, da corrente rexeneracionista no seo da mesma, do anticlericalismo e dos inicios de construción dunhos aparellos civís, expresados na pioneira democracia cristiá e no sindicalismo católico. Fixo aportes de material orixinal, procedentes do arquivo, aínda secreto, do Papado de León XIII, pro en xeral a súa análise foi unha miga bondadosa e lineal, anque moi coherente. No debate, J.J. Castillo pedíu que se recalcasen máis as funcións represivas dos aparellos civís montados pola Igrexa. Outra longa poñencia foi a do profesor Carlos M. Rama, «*El estado en la ideología fascista española*», recibido no estrado con aplausos pola súa condición de estudioso do fascismo e vítima á súa vez del no Uruguái. Comezou definindo o fascismo como o «fenómeno máis orixinal do século XX», polo que a súa conciencia é fundamental pra poder combati-lo. En canto ó fascismo español, veu «vergonzante» («nosotros no éramos fascistas»), tardío, non realizado cabalmente e treco teóricamente (non hai un Gentile, un C. Schmidt), anque as fontes dos fascistas españois sexan importantes (sobor de todo, Ortega). Falóu logo do prefascismo clerical, do fascismo agrario, e levantou ronchas cando ó referirse ós «fascistas menores ou anteriores» lembrou a Maura, Calvo Sotelo «e ante todo, Francisco Cambó». No debate, o inqueda López Campillo (un físico español exilado hai 23 anos



en Francia, que sabe moita historia) entornou a exposición do Rama decido que había que facer análise de clase e deixarse de «nominalismo literario». Pola súa banda, Mainer apuntou á idea de estudar - lo fascismo español como fascismo dependente, idea que o profesor Rama prometeu desenrolar prá publicación da poñencia.

#### «NACIONALIDADES DE 1ª DIVISION»

O segundo bloque de poñencias que dende outra perspectiva incidíu sobor do tema da crise dun xeito global, foron as aportacións das nacionalidades, anque neste caso se adicaran poñencias somentes a Cataluña, País Vasco e Galicia, con algunhas comunicacións breves de Valencia e Extremadura, pro en lugar e hora diferentes. O feito denunciouno Eloy Fernández Clemente, laiándose de que, xunto ás «nacionalidades de 1ª división», non estivesen presentes Valencia, Aragón, Baleares e Asturias, pro centró a cuestión definindo ó nacionalismo como «tema central do coloquio». Encentó a ronda J.A. González Casanova, «Catalunya en la crisis del estado español contemporáneo». Nun tempo récord, conseguíu manter a atención do auditorio e explica - lo vencellamento de Cataluña ó estado español. A pregunta básica á que tentó responder foi se Cataluña era ou non separatista. Facendo diversas caías dentro da evolución do nacionalismo catalán, chegou á conclusión de que a idea de Cataluña non foi nunca arredarse do estado central, senón intervir e reformar ese estado. Tanto o nacionalismo de dereitas coma o de esquerdas non foi separatista. O seu ideal era organizar España de acordo cos seus principios, extender ó resto do territorio español a súa concepción do estado e do poder (o exemplo sería a propaga-

ción catalá do rexeneracionismo rexionalista do estado, do que tivemos constancia os galegos: Solidaridade Gallega no 1907, relacións das primeiras «Irmmandades» coa «Lliga», etc.). A perspectiva dende o País Vasco resumíuna J. Corcuera, «Crisis de la sociedad tradicional vasca y aparición del nacionalismo vasco», centrando o tema na crise da formación social vasca arredor de 1876 (industrialización, formación dunha burguesía oligárquica, transformacións da pequena nobreza rural, ligazóns tradicionalismo / fuerismo / nacionalismo), na aparición do PNV e o labor do Sabino Arana, e a posterior viraxe do nacionalismo vasco hacia postulados rexionalistas burgueses, rematando coa velada afirmación de que o nacionalismo vasco fora un feito regresivo e reaccionario, o que provocó as iras dun «abertzale». Da formación e evolución do nacionalismo galego faláron X.R. Barreiro Fernández e R. Villares Paz, «Problemática socio - económica y nacionalismo gallego, 1898 - 1936», anque a súa análise se centra case exclusivamente na primeira etapa nacionalista representada polas «Irmmandades da Fala». Remató a tanda A. Balcells voltando á temática catalá co traballo «Los marxistas y la autonomía de Catalunya durante la segunda República», no que aportó novos datos sobor dos sucesivos conpoñentes de clase do nacionalismo catalán e insistindo na presenza do marxismo nos plantexamentos nacionalistas, da man de J. Maurín e Andreu Nin. O remate destas catro intervencións, abríuse un debate que foi corto e pouco animado, cicáis porque o tema non interesase moito ós alí presentes, máis sensibeis a plantexamentos sociolóxicos ou políticos de ámbito estatal. O pouco coloquio que houbo cingulase á problemática vasca ou a queixarse de que non fora máis ampla a sesión adicada ó nacionalismo.

#### CUESTIONS CULTURAI

Encol de cuestións culturais, prensa, rexeneracionismo, etc. presentáronse un bo fato de traballos, encabezados pola poñencia de Blanco Aguinaga, «Cuestiones de la cultura burguesa a partir de 1898», que fixo unha análise penetrante e nova da xeración do 98 e sobor de todo da do 27, deténdose principalmente en Lorca e Guillén, amáis de facer un apartado especial pra A. Machado. Insistíu na captación burguesa dos homes do 98 (dende unha situación «periférica» xeográfica e culturalmente entendida) e no vangardismo dos anos 20, anque no debate quedó claro que había que traspasa - la análise do simple vangardismo e estudar máis a fondo a cultura pequeno



PAU, MOI PERTO DE ESPAÑA  
Os Pirineos, ó fondo

burguesa. J. C. Mainer, «La redención de los parainfos: Universidad y regeneracionismo» trató de enmarcar dentro do pensamento pequeno burgués español a crítica que unha serie de intelectuáis fan á Universidade e, en xeral, ó ensino en España. Crítica patentizada nas Asambleas universitarias de 1902 e 1905 e dirixida contra a irracionalidade e falla de autonomía das estruturas universitarias, o que impide a súa laicización, a súa conexión coa sociedade e a axeitada formación de técnicos. Máis de media ducia de comunicacións estiveron adicadas a estudar problemas culturais concretos, destacando os traballos de Desvois sobor da prensa da oligarquía a principios do s. XX, Maurice sobor de 6 textos de Togliatti encol da situación sociopolítica española nos anos 20 e 30, López Campillo e J. Becarud sobor da radicalización dos intelectuáis mediada a República, etc. Encol dun tema aínda máis específico, anque con moita sabencia e convición, falou Eloy Fernández Clemente, que analizó a política africanista do seu paisano Joaquín Costa.

E aínda habería que engadi - lo grupo de traballos de temática moi específica tamén, pro de innegábel interés, presentados polo catedrático de Dereito Político de Zaragoza e o seu equipo. Ramírez Jiménez espuxo o tema da súa especialidade, «Los partidos políticos durante la 2ª República», suliñando a excesiva fragmentación dos partidos, a súa debilidade (excepto o P.S.O.E.), a existencia de partidos paralelos: «nacionais e rexionais» e, en definitiva, unha falla de modernización das alternativas que a brevedade do réxime republicano contribúe a resaltar. Cando el viñeron varios comunicantes que leron comunicacións concretas sobor da CEDA, a función do P.S.O.E., e o sistema dos partidos políticos de Aragón e Valencia perante a República. O Coloquio remató cunha aproximación á época franquista, dende a perspectiva do nacional catolicismo e a súa loita contra o falanxismo, tema que desenroló J.J. Castillo.

#### CONCLUSIONS

Era tradición destes Coloquios facer unha sesión de clausura na que se resumisen os principais temas debatidos e se fixase a temática do coloquio seguinte. Hogano, cicáis porque o Tuñón non estaba pra moitas músicas (morréu neses días o seu grande amigo, Noel Salomán) ou porque a escasez de tempo foi a principal anguria das agotadoras sesións do Coloquio, non se fixo unha recapitulación de tais problemas. Nembargantes, podemos apuntar como principais conclusións da xuntanza, en primeiro lugar que o problema da crise hai que enfocalo dende diversos puntos de vista, xa nonsomentes como unha incapacidade do bloque dominante pra seguir conservando o seu «status», senón tamén pola falla de alternativas, de recambios a esa crise que non foi capaz de artellar un segundo bloque formado pola pequena burguesía e, nalgúns intres, polo proletariado. Ademáis, compriría analizar esta etapa da historia de España, dende a perspectiva da súa situación de capitalismo periférico, cuestión que quedó a marxe do coloquio. Por outra banda, a posibel alternativa á crise que supuxeron as formacións políticas das nacionalidades non foi efectiva nin estivo unificada, anque tendesen, por exemplo na época republicana, á defensa dunha democracia burguesa en toda España. Por iso decla J. Maurín que a consecución da Reforma Agraria estaba íntimamente vencellada á consecución das autonomía. Era o xeito de restarlle poder a esa oligarquía agraria terratenente, tan antidemocrática coma centralista. Esperemos que a publicación destes traballos axuden a comprender millor unha época que por tantas cousas nos remíte á actualidade.

PAU: A PAZ DOS COLOQUIOS



«Existe de certo un grande descoñecemento entre os dous pobos irmáns: Galicia e Portugal, pro eu endexamáis me teño sentido estranxeiro en Galicia, cousa que sí me pasa noutras partes do Estado Español» (Luis Cilia).

## Conversa con Luis Cilia

# «A política non xustifica un cantante»

«Canto dende 1962. Nos anos 67 e 68 coñecín ós primeiros cantantes galegos que andaban á procura dunha nova canción pra Galicia, dunha nova voz pra súa terra dende posicións progresistas: a Moscoso e a Miro Casabella principalmente. Mantiven con eles un vencello importante e, ó traveso deles, coa canción e os movementos sociáis que estaban a xurdir neste país voso. Dende aquela endexamáis me sentín desvencellado».

*Luis Cilia e máis Jose Afonso son seguramente os dous nomes fundamentais da canción portuguesa que xorde cáseque coma resposta a todo o que significou pra realidade portuguesa a longa dictadura salazarista. Os dous (Jose Afonso e Cilia), coma outros máis, foron homes do exilio interior ou exterior, os dous marcaron o novo vieiro pra cantar en Portugal, entendendo a canción sempre coma un vehículo de pensamento.*

«De calquera xeito son camiños diferentes —di Cilia—, anque paralelos e poida que moi achegados no seu resultados. Jose Afonso comeza a traballar na canción de contido e compromisos sociáis e políticos logo dunha etapa achegada ó que se chama «o fado de Coimbra». Eu, paralelamente, tomo as miñas posicións a partir das miñas vivencias en Angola, onde nacín, e logo a miña deserción do exército colonial portugués, que me obrigou ó exilio. Nos dous casos os anos sesenta foron fundamentais».

novo tempo, xurdíu no exilio ou na marxinação, na persecución política salazarista; Jose Mario Branco, Sergio Godinho, Jose Afonso, eu mesmo... A revolución do abril do 74 veu despóis; da noite pra mañá, de súpeto, como pasa cáseque sempre, todo o mundo era cantante de esquerdas, todo o mundo era demócrata, os homes da radio puñan os discos segundo os seu panfletarismo, etc. Foron moitas e moi grandes as doses de oportunismo».

«Pra min a canción revolucionaria non é a que máis veces emprega a verba «pobo» no seu texto, senón aquela outra que plantexa fundamentalmente o seu compromiso como vehículo de mobilización de masas,



LUIS CILIA  
Cantar pola unidade de todos

pro ó mesmo tempo como expresión creativa dun individuo ou dunha comunidade, como compromiso estético, formal. A política non xustifica a un cantante. En último termo pode xustificar a unha persoa. Coido que unha cousa ben feita (neste caso unha canción, noutro

caso un edificio, ou unha novela, ou unha mesa) é, ademáis, eficaz».

## A REVOLUCION NON PAROU

«A revolución portuguesa —segue Cilia pra TEIMA— vai paseniño pro aínda non parou, aínda non a perdemos, anque o mes de novembro foi un paso atrás importante. No meu último disco, que se chama «Memoria», pra ver de non perdela, teño un longo tema adicado ós feitos de novembro e á escalada das posicións dereitistas en Portugal. A esquerda cometéu tamén moitos erros».

«Sí. No intre de compoñelas miñas cancións son consciente de que vivo nun tempo, no medio dunhas preocupación sociáis, nun intre histórico moi concreto. Fago as miñas cancións coma home que

vive entre outros homes e está comprometido con eles e coa historia. Agora ben, a vida é complexa e variada. Teño moitas cancións de amor porque coido que son importantes, humanas, e interésame todo o que é do home. Son militante dun partido político coma cidadán, pro coma cantante coido que a miña posición non debe ser nunca partidaria senón unitaria. Temos de estar unidos, e agora máis ca nunca, por riba das consignas de partido. Cicáis un dos erros de Portugal (da esquerda portuguesa, e coido que aquí en Galicia estánse a cometer tamén) é un certo sectarismo de grupos que nos divide. Alguén ten moito interese en que esteamos divididos, que non sexamos capaces a nos pór de acordo en obxectivos por riba das diferencias partidarias. Coido que a cultura e mála canción son eidos que deben estar sempre por riba destas diferencias».

## Teatro galego

# Mostra e xornadas en Vigo

Logo da Mostra de Ribadavia, as Xornadas-Mostra de Teatro de Vigo son o acontecemento teatral máis importante de Galicia, tódolos anos. Son tamén, de certo, as que contan cun meirande presuposto económico pra levar adiante os proxectos. Aínda así, a cousa remata sempre con déficit de cartos. Neste mesmo número, na nosa «Escolma-TEIMA», recollémo-las bases da terceira «Mostra de Teatro Galego», que se celebra polo mes de xullo. As Xornadas serán no mes de novembro. E os organizadores (os grupos vigueses «A farándula», «Cope», «Bombarda», «Escoitade», «Saudade», «Queizán» e «Máscara 16») traballan estes días nos posibles programas cun presuposto estimativo inicial de 1.750.000 pts.

Agora ben, ¿de onde van saír estes cartos? Outra vez os cartos, cada vez que falamos de organizacións e iniciativas deste tipo. Catro institucións están invitadas a ofrecer axuda económica: o Axuntamento vigués, a Diputación (que o pasado ano deu por primeira vez 25 mil pts.), Información e Turismo e mála Caixa de Aforros Municipal de Vigo. Hai uns días os organizadores celebraron unha roda de prensa pra presentar ós xornalistas os proxectos e, ó mesmo tempo, fa-

laren públicamente con representantes das devanditas institucións. Ningunha delas apareceu.

Primeira anécdota. Desde hai unha chea de tempo, desde as primeiras xornadas, os organizadores vén arrastrando un déficit de cen mil pesetas (máis ou menos) que sempre promete Información e Turismo e logo non dá. Tódolos anos, por estas datas, escomenza a mesma historia: os cartos oficiáis de axuda á cultura e ó noso teatro, ¿ulos? O que dixemos pró cine de Ourense hai uns números serve absolutamente pró teatro vigués agora.

Segunda anécdota. O ano pasado a Comisión de Festas do Axuntamento de Vigo negou a súa axuda económica á Mostra e Xornadas de Teatro, que xunta certamente unha representación importante do teatro non só de Galicia senón de todo o Estado Español e mesmo do estranxeiro, polo menos nos proxectos iniciáis. Decía a Comisión de Festas que non había cartos porque as Mostraxornadas entraban fóra do calendario das festas da cidade. Logo, de súpeto, aparecen (tamén fóra de calendarios) as xornadas de Opera, xornadas cativas e de moi pouca pegada popular, claramente selectivas, e reciben ó traveso da

## CREACION E EFICACIA

«¿A nosa canción coma resposta a un sistema? Pois en certo modo tamén era iso, anque non dun xeito exclusivo. Todo un xeito de entendela música, que marcóu un



antedita comisión ¡dous millóns de pesetas!

#### A MOSTRA PARALELA

«Ninguén de nós se nega a discutir e a admitir, naturalmente, a presenza doutras alternativas pró noso teatro galego, sempre que sexan pra ben e veñan dar pulo a este eido importante da nosa cultura», din os organizadores. Dalgún xeito falaban da «mostra paralela» que o último ano organizou en Vigo, polos barrios, a Cordinadora de Teatro Galego ó non chegaren a un acordo sobre os presupostos básicos sobre os que chantaren os organizadores coa mostra. «Coidamos que de primeiras chegaremos a un acordo entre nós pra facermos xuntos unhas xornadas de teatro galego importantes. Xuntos sempre saíran millor, que non cadaquén pola súa conta, divididos». Xa falaremos logo pra aquela.

#### Cine galego

### O cartel das xornadas



#### V XORNADAS DO CINE

#### OURENSE

1-6-Abril-1977

A celebración das Xornadas de Cine de Ourense, os días primeiros deste mes de abril, volveu a ser un acontecemento cultural importante na nosa realidade galega. Cada ano (e unha mostra disto foron as xornadas presentes) en Ourense amósase un pulo novo a carón do noso cine, que anda á percura do seu viero propio de realización. Nun próximo número da nosa revista faremos unha análise polo miudo desta edición das xornadas de Ourense. Perfecto Estévez, pintor ourensán, foi o autor do cartel deste ano.

## Escolma/TEIMA

#### LIBROS

**Fernando I. González Laxe.** «ESTRUCTURA DA PESCA COSTEIRA GALEGA». Edit. Galaxia. Colección «Alén nós». Vigo, 1977. 228 páxs.

Trátase da tese de licenciatura do autor, que é profesor de Estructura Económica no Colexio Universitario da Coruña. O traveso da análise e recolleita de información no porto de Malpica, González Laxe leva moitas das súas conclusións e prantexamentos á pesca costeira galega, un dos sectores que máis fonda crise ven atravesando dende hai unha chea de tempo. A análise da poboación, estrutura da flota, produción, empresa, comercialización, política pesqueira, son problemas fundamentais neste sector. Segundo cifras que o autor manexa de 1970, das 4.440 embarcacións que hai en Galicia adicadas ó peixe, 3.548 adicanse á pesca de superficie, á pesca costeira, que é tamén a máis esquecida de axudas e plantexamentos técnicos.

As empresas son cativas, a produción non é rentábel, as embarcacións probes e sen os aparellos necesarios, a seguridade do traballador inesistente, os rendementos decrecentes, etc. Todo isto, e moitas cousas máis que no libro se din, compre espicalas dende as perspectivas reais dunha economía pre-capitalista, nunhas condicións socioeconómicas coma as galegas.

«As directrices que se tencionen aplicar cara a unha política pesqueira en Galicia — escribe o autor nas conclusións finais do seu traballo — terán que vir acompañadas dunha política igualmente racional pra outros sectores, asimesmo abandonados e en crise, pra evitar o seguir coma un país subdesenrolado. A única solución pra despegar será a dun desenrolo autocentrado e autónomo do noso país que viría definido por unha planificación ra-

cional da economía no seu conxunto e nunha sociedade democrática». (páxs. 222-223).

\* \* \*

#### REVISTAS

**Organo do Centro Galego de Toronto.** «CELTA SOCIAL».

Recibímo-lo exemplar de xaneiro e febreiro deste ano dos emigrantes galegos en Toronto (Canadá) que editan tamén, coma noutros sitios que iremos recollendo eiquí, a súa publicación. Dirixe a «Celta social», editada en bilingüe (galego e castelán), Sergio Gallego; e a publicación recíbese gratuitamente pagando sómentes os gastos de franqueo.

Non é somentes o caso de Toronto. Pola nosa banda iremos recollendo tódolos testemuños da Galicia, viva, latexante, inqueda máis aló da terra. Revistas coma estas, unhas en offset, outras a ciclostil, cada quen segundo as súas posibilidades económicas, van tecendo unha arañeira de comunidade lonxe do país, entre os nosos homes da emigración. Son coma apertas e encontros co país lonxano a milleiros de kilómetros de distancia física. Recollendo recortes e mostras de revistas e xornais do Estado Español, algunhas colaboracións, prensa galega, etc, «Celta social» vai enchendo ó seu xeito os valeiros da distancia.

\* \* \*

#### TEATRO

**Bases pra participar na «III MOSTRA DE TEATRO EN VIGO».** Xulio de 1977.

Poderán participar tódolos grupos galegos — din os organizadores — e con montaxe en lingua galega. Cada grupo realizará tres actuacións. Dúas na Caixa de

Aforros e a outra nun barrio da bisbarra. O día, hora e lugar das representacións será dada a coñecer pola organización denantes do 30 de maio.

Os grupos interesados terán que engadir, na súa solicitude de presenza da Mostra, título da obra, nome do autor e tradutor (se o houbera), guía de censura, acreditación de legalización, teléfono, denantes do 30 de abril deste ano.

As condicións económicas serán a tratar con cada grupo inscrito. Escomenzará esta III Mostra na segunda quincena de xulio.

\* \* \*

#### CONCURSOS LITERARIOS

**Premio OTERO PEDRAYO, 1977.** Convocan as catro Diputacións provinciais galegas. Primeira edición.

Dotado con 500 mil pts. é o premio literario millor pagado do país. Hai pouco que a Diputación coruñesa, ó traveso do Boletín Oficial da Provincia, fixo públicas as bases.

Tema único e concreto: «Estudio sobor da vida e memoria de don Ramón Otero Pedrayo». Poderán optar ó premio tódalas persoas nadas en Galicia ou con residencia na nosa terra con tempo dabondo pra determinaren, a xuício do xurado, un cumprimento arraigo da mesma. Tamén poden optar ó mesmo os grupos de traballo constituídos co este gallo e que estean radicados en Galicia.

A presentación de candidatos formularáse nun escrito dirixido ó presidente da Diputación Provincial da Coruña denantes de seis meses contados a partir do 29 de marzo do 77.

# cartas a dirección



## BALDAIO AGRADECE

Compañeiros: Vaian somentes estas catro verbas pra vos agradecer o traballo recollido no artigo «BALDAIO: BALDAR UN POBO» publicado no número 13 da nosa revista.

Labouras coma isa fan dunha publicación o voceiro agardado por todo un pobo. Graciñas compañeiros e unha aperta de irmaos das catro parroquias de Baldaio.

Dorinda Lama; Xosé Esmoris, Manuel Vilas e outros dezasete veciños de Baldaio

\* \* \*

## ¿ONDE ESTA O I.L.G.?

Estimados señores: Cando se ve nun escrito algún «guión» pénsase axiña no Instituto da Lingua Galega (ILG), sexa pra ben ou pra mal. Unha visión superficial ¿non so? Polo menos eu penso que o ILG nos seus famosos Gallego 1, 2, 3, aportou a lingua moito máis cós guiños.

O ILG estivo, sempre ó meu modo de ver, evolucionando entre volume e volume de Gallego. Confeccionara no derradeiro unha longa mostra de castellanismos, lusismos, pseudoevolucionismos, dialectismos, deformacións caprichosas, etc, que ás veces criticaban hastra posturas adoptadas no tomo 1 e 2.

Ora ben, lendo TEIMA, aquel ILG aparece e desaparece. E ben certo que se empregan os guiños pro tamén é certo que se fai plural L-IS (animais) e que aparecen os adxetivos do tipo «admirabel» ou que non se simplifica o grupo consonántico CC (acción). Ademais de moitas palabras tachadas de lusismos: coñecer, até melo, termo... castellanismos: ala, dolor, hacia, nosoutros, cuio, etc, e outros: antre, cecaís, enquisa, paradiso, bosco, etc. etc., que tamén aparecen.

Todos estes casos e outros saen claramente da liña, das directrices, do ILG (repito que asegún Gallego 1, 2, 3); non embargantes, aparecen en TEIMA; e ésta está «supervisada» por membros anque sóio sexan dous, do ILG. ¿Cómo se esplica? ¿Quizais xa non teñan valor as normas do Gallego 1, 2, 3 e, xa que logo, do ILG? ¿Ou, se cadra, a autosuperación do mesmo chegou hastra os modelos visibles hoxe en TEIMA?

Coido, no meu nome e no da «unificación dunha normativa da Lingua» que esto esixe unha explicación. E máis nada. Atentamente.

Santiago Vidal Figueroa  
Trav. Vigo, 50, 3.º esq.  
Vigo

\* \* \*

## NOTA DOS ASESORES LINGUISTICOS

O feito de que apareceran as siglas do ILG a carón dos nosos nomes non foi cousa nosa, xa que non estabamos aquí en representación súa; noustante

traballamos e traballaremos pra el e o apoiámos. Pro o ILG non é un circo pechado nin ten unha postura cavernícola; pretende, coa millor vontade posible, a unificación ortográfica do galego e a súa pervivencia como lingua de cultura, non impedindo que as súas normas varien do lado da conveniencia e da razón aproximándose a outras posturas. Neste momento está reuníndose con representantes de todas elas e confeccionando unhas normas únicas. As variacións que sobre as súas normas e as primitivas de TEIMA poidan observa-los lectores son froito desas xuntanzas, nas que todo o mundo ten de demostra-la súa boa vontade cedendo un cacho de terreo; que a razón, segundo se mire, é de todos e non é de ninguén. CH. A, e F.F.R.

\* \* \*

## DE PARIS AS ENCROBAS

O Grupo de París da Asamblea Nacional-Popular Galega (AN-PG) enviounos a carta xa remitida ós labregos das Encrobas e que incluímos nesta sección.

«Querido pobo das Encrobas: Enviámosvos esta carta pra deciros o orgulloso que nos sentimos de sermos galegos, de sermos irmáns vosos, labregos das Encrobas; desas mulleres que se enfrentan con paraguas ós fusís, dese cura granítico, dese rapaz novo morto pra que outros aínda máis novos vivan algún día nunha Galicia ceibe.

Até aquí, no frío da emigración (e do exilio) chega por riba de montes e mares o voso aturuxo de combate: «Esta Terra é nosa que non é de Fenosa» e íse berro cuántanos e danos forza pra co-rearnos con vós; esas terras e ríos nos vosos, labregos galegos, esas fábricas e almacéns son vosos, obreiros e empregados galegos, eses mares e barcos son vosos, mariñeiros galegos. Sí, toda Galicia é do pobo traballador! ¿De quén había de ser sinón? ¿Do monopolio da enerxía, do oligopolio bancario? ¡Non! Por moito que os imperialistas se disfracen de amigos do pobo, por moito que paseen as caretas de benfeitores na escuridade que proieuta a dictadura cultural, os galegos sabemos distinguir a liberdade e a xusticia, da opresión e da desigualdade. Dinnos os capitalistas que as nosas terras teñen un precio e que non poden pagar máis, sinón a empresa non resulta rentable. Moi ben. Pois que renuncien eles ás espropiações sendo directamente os traballadores os que se encarguen da xestión e xa veremos si resulta rentable ou non. Dinnos que nos van dar un posto de traballo despois de acabaren cas terras e cos montes ou despois de mata-lo peixe e nós respostámoslles que non queremos unha dobre explotación, primeiro cando nos chuchan as nosas riquezas e logo cando nos fan traballar pra eles. Queremos postos de traballo pero pra traballar pra nós, pra Galicia, non pra os capitalistas.

Conseguirémolo opoñéndonos á explotación e intoxicación burguesa, que nos presenta o desenrolo capitalista como a táboa de salvamento do noso subdesenrolo nacional. Os traballado-

res temos que toma-lo poder político e desenrolar nós mesmos a nosa economía e mentras non fora así, casos coma o das Encrobas haberá moitos.

Ainda que a vosa loita non acabou, xa ganáchede-lo respeto da nación galega, compañeiros labregos e algún día (gracias a exemplos coma o voso) cando o raposo capitalista se retire da nosa Terra, fanado e co rabo entre as pernas, xa tarde saberá que na patria de Ponte, de Benigno García e de tantos héroes do pobo galego, o granito é demasiado duro pra os dentes das alimañas. No entando o combate continúa. ¡Até a victoria sempre!».

Asamblea Nacional-Popular Galega  
Grupo de París

\* \* \*

## GALEGOS EN LEON

Sr. Director: En primeiro lugar queremos felicitalo polo éxito que está tendo a súa revista. Somos tres amigos galegos que estamos estudando veterinaria en León e hai unhas semáns que leemos TEIMA. Agora decidimos suscribirmos á revista por seis meses e esperamos que siga prosperando en apoio dunha Galicia millor.

Eíquí en León somos moitos galegos e cada vez preocupámonos máis polos problemas da nosa Terra, aínda que moitas veces quedamos un pouco acomplezados polo bon facer duns vasos e duns cataláns, que nos aventaxan bastante. Claro que nós creemos que será cousa de poucos anos, pois os galegos últimamente parece que despertamos do letargo e que empezamos a sentir e manifestar os problemas da nosa nación.

Saúdanlle atentamente.

Xosé, Benxamín e Xesús María  
Plaza Caño, Santa Ana.  
Portal 1; 7.º A  
León

\* \* \*

## UNHA MAN OS MATEMATICOS

Somos un grupo de xente dos derradeiros cursos da carreira de matemáticas, interesados en abrir novos vieiros na didáctica e metodoloxía das matemáticas en xeral e en particular no Ensino Medio. Estamos intentando facer unha «Semán Pedagóxica das Matemáticas», pra o que necesitamos que toda a xente que lle interese e poida aportar esperiencias e estudos renovadores contacte con nós no seguinte enderezo.

Fernando Cabrera Varela  
Santiago de Chile, 6, 8.º B  
Santiago

\* \* \*

## COMBATILA DIGLOSIA

Moi señores meus: Coido que é moi interesante a nova sección encol da lingua. A lingua é pra nós, os cataláns, os galegos, os vascos e pra tódalas nacionalidades asoballadas, a afirmación da

nosa nacionalidade despois de tantos anos de asoballamento pola cultura oficial do Estado.

Eu quixera prantexar un problema típico da diglosia. Hai dous anos eu estaba en Pontevedra cuns amigos falando cun grupo de mulleres dun barrio novo. Como tódalas mulleres falaban entre elas en galego, eu boté a falar en galego. Unha das mulleres preguntóume si eu era portugués, contestando que eu era catalán. Entón outra dixo: «Así ¿o catalán é igual que o galego? Ou sexa que pra aquelas mulleres era inconcebible que un estranxeiro falara a súa lingua. Eu dixen que non, que eu falaba, máis ou menos ben, galego. Rápidamente as dúas mulleres cambearon de novo de lingua e continuaron conmigo en castelán anque eu, testán, falaba en galego.

A anécdota ten o seu valor de amosar unha norma lingüística que atopéi noutros lugares de Galicia. En primeiro lugar, pra moitos galegofalantes (este problema tamén é posible atopalo nos Países Cataláns, especialmente no País Valenciá) é incompreensible que unha persona que non sexa galega perda o tempo adeprendendo ou saiba falar galego. En segundo lugar, a norma lingüística pra falar con alguén que non sexa galego é falarlle en castelán. Xa que logo, o galego é sóio un idioma de comunicación interna, de comunicación pechada, como os taxistas de Perpinyá, que falan sempre en catalán entre eles e sóio en francés cos seus clientes.

Compre combatir esta norma diglósica: unha lingua A, que é a única lingua boa pra comunicarse con todo o mundo, e unha lingua B, pechada na súa comunidade, sino de vergoña, de incultura, de clase baixa. E outro detalle interesante: todas aquelas mulleres falaban en castelán cos seus fillos. Por este vieiro a desaparición dun idioma é rápida. Somentes se fala en galego cós coñecidos, os que tí sabes que falan galego, e en castelán cos nenos pra evitarlles esta «dificultad» de integración no mundo «moderno». Mais non son alarmista, a aparición da vosa revista amosa que a situación está a cambiar. Dende a nova sección compre combatir a diglosia en tódalas súas manifestacións. Saúdos.

Joan Maria Serra Sala  
Pg. García Valiño, 20, 2.º  
Manresa (Barcelona)

\* \* \*

## ESPRANZAS EN GALICIA

Moi señores meus: Poucas verbas pra felicitalos pola teimada loita que a revista propón. Moita sorte.

Mais non quero deixar no tinteiro o reconecimento das dificultades que vostedes teñen que sufrir na súa teima.

Sí a esperanza é o último que se perde, eu quero pensar no rexurdir de Galicia e en que a maioría dos galegos vos abendizoen pola vosa empresa.

Adolfo Quijano Quijano  
Cancelleiro, 13, 2.º E  
Vigo





IBAÑEZ, PINTADO POR GOYA

# SARGADELOS,




## UN CENTRO DE INVESTIGACION E INDUSTRIA NETAMENTE GALEGO

A PLANIFICACION INDUSTRIAL COMO TRADICION INAUGURADA FAI 200 ANOS POR ANTONIO RAIMUNDO IBAÑEZ NA SIDERURXIA E NA CERAMICA


### 7 RAZOS SOCIO-ECONOMICAS DO NOVO SARGADELOS

- 1 — TRANSFORMA MATERIAS PRIMAS DA MESMA BISBARRA...
- 2 — ...QUE MANUFACTURADAS ADEQUIREN 200 VECES MAIS VALOR QUE VENDENDOAS SOIO BENEFICIADAS.
- 3 — A MAN DE OBRA E NUN 100 % DA MESMA BISBARRA.
- 4 — UBICADA EN MONTE BAIXO NON ELIMINOU CULTIVOS APROVEITABLES, NIN TROUXO COMPLICACIOS ECOLOXICAS.
- 5 — A INVERSION POR POSTO DE TRABALLO FOI DE 300.000 PESETAS.
- 6 — O DESIÑO E A TECNICA QUE UTILIZA PERTENECE A INSTITUCIOS REIVINDICADORAS DA NOSA CULTURA DIFERENCIAL COMA SON

LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA 

SEMINARIO DE ESTUDIOS CERAMICOS 

- 7 — AS POSIBILIDADES DA EVOLUCION DE SARGADELOS ATOPANSE APENAS NOS SEUS COMENZOS.



complexo de industria, investigación e formación que agroma en sargadelos

## EDICIOS DO CASTRO

SADA - A CORUÑA. Tfno. 62-02-00

- Libros — PROBLEMAS DA CULTURA GALEGA, en galego ou en galego/castelán.  
 — PROBLEMAS DE DESIÑO, COMUNICACION, ARTE E INDUSTRIA, en galego e en castelán  
 — PROBLEMAS TECNICOS PARTICULARES DA CERAMICA, en castelán

- Cadernos —do LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA  
 —do SEMINARIO DE ESTUDIOS CERAMICOS  
 —do DEPARTAMENTO DE PREHISTORIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO



# Millóns de nenos condenados a morte. Indúlteos.

Neste intre, a única saída  
pra 900 millóns de nenos é morrer.  
900 millóns de nenos están condenados  
pola fame, as doenzas  
e a falla total de cultura.



Na súa man está o indulto.  
Unicef sóio conta con diñeiro dos seus socios.  
Fágase socio de Unicef.  
Nunca terá empregado millor  
un pouco de diñeiro.

**unicef**

Fondo das Nacións Unidas prá Infancia

Apartado 12021  
MADRID

Rogo me remitan maior información sobor de Unicef.

Nome .....

Dirección .....

Cidade ..... Distrito .....

Teléfono .....

